R1-DO0101 P1 - Acta da Comisión de calidade sobre a modificación dunha titulación	DO-0101 P1 - Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais	23/01/2020	Non procede.	<u>0</u>	Completado
R2-DO0101 P1 - Acta da Comisión de calidade sobre a acreditación dunha titulación	DO-0101 P1 - Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais	28/11/2019	No procede	<u>0</u>	Completado
R1-DO0102 P1 - Informe anual de seguimento da titulación	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	30/01/2020	O Informe de Seguimento do Título centralízase no Informe de Revisión pola Dirección.	<u>0</u>	Completado
R2-DO0102 P1 - Informe anual de avaliación da titulación	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	30/09/2020	Este documento centralízase a través do Informe de Revisión Pola Dirección, dispoñible nesta mesma aplicación.	<u>0</u>	Completado
R3-DO0102 P1 - Informes de revisión interna	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	30/09/2020	Non procede. Ningún título do Centro foi sometido a este proceso.	<u>0</u>	Completado
R1-DO0103 P1 - Resolución de extinción dunha titulación	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	29/11/2019	No procede	<u>0</u>	Completado
R2-DO0103 P1 - Orde de suspensión e de revogación dunha titulación publicada no DOG	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	29/11/2019	No procede	<u>0</u>	Completado
R3- DO0201 P1 - Informe de Coordinación	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	25/09/2020	Achégase adxunto Informe de coordinación da titulación de Máster en Menores en situación de desprotección e conflito social, relativo ao curso 2019/2020. Validado en Comisión de Calidade o 21 de decembro de 2020	<u>1</u>	Completado
R1- DO0204 P1 - Criterios de asignación das prácticas curriculares	DO-0204 P1 - Xestión das prácticas académicas externas	01/07/2020	Non procede. Non se inclúen prácticas curriculares no desenvolvemento do Máster.	<u>0</u>	Completado
R1- PE02 P1 - Resultados de avaliación docente definitivos (anuais)	PE 02 P1 - Xestión do persoal docente e investigador-PDI	31/01/2020	Achégase informe de avaliación docente da titulación.	<u>1</u>	Completado

Listaxe de Rexistros V08M104V01 - Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral

Registro	Procedemento	Data límite de entrega	Observacións	Documentos Adxuntos	Estado do rexistro
R1-DO0101 P1 - Acta da Comisión de calidade sobre a modificación dunha titulación	DO-0101 P1 - Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais	23/01/2020	Non procede.	<u>0</u>	Completado
R2-DO0101 P1 - Acta da Comisión de calidade sobre a acreditación dunha titulación	DO-0101 P1 - Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais	28/11/2019	Non procede.	<u>0</u>	Completado
R1-DO0102 P1 - Informe anual de seguimento da titulación	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	30/01/2020	O Informe de Seguimento do Título centralízase no Informe de Revisión pola Dirección.	<u>0</u>	Completado
R2-DO0102 P1 - Informe anual de avaliación da titulación	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	30/09/2020	Este documento centralízase a través do Informe de Revisión Pola Dirección, dispoñible nesta mesma aplicación.	<u>0</u>	Completado
R3-DO0102 P1 - Informes de revisión interna	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	30/09/2020	Non procede. Ningún título do Centro foi sometido a este proceso.	<u>0</u>	Completado
R1-DO0103 P1 - Resolución de extinción dunha titulación	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	29/11/2019	Non procede.	<u>0</u>	Completado
R2-DO0103 P1 - Orde de suspensión e de revogación dunha titulación publicada no DOG	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	29/11/2019	Non procede.	<u>0</u>	Completado
R3- DO0201 P1 - Informe de Coordinación	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	25/09/2020	Achégase Informe de coordinación da titulación de Máster en Xestión e dirección Laboral, relativo ao curso 2019/2020. Validado en Comisión de Calidade o 21 de decembro de 2020.	<u>1</u>	Completado
R1- DO0204 P1 - Criterios de asignación das prácticas curriculares	DO-0204 P1 - Xestión das prácticas académicas externas	01/07/2020	Achégase documento relativo á Asignación de Prácticas Curriculares para a titulación de Máster en Xestión e Dirección Laboral.	<u>1</u>	Completado
R1- PE02 P1 - Resultados de avaliación docente definitivos (anuais)	PE 02 P1 - Xestión do persoal docente e investigador-PDI	31/01/2020	Achégase informe de avaliación docente da titulación.	<u>1</u>	Completado

II.1.8. Outros datos (que queira resaltar o centro)

EN RELACIÓN AOS PROGRAMAS DE MOBILIDADE

Destaca unha interrupción na tendencia á alza na participación nos programas de intercambio. Rexístrase un descenso, en xeral, na participación en programas de mobilidade internacionais (salvo no caso de alumnado de Grao en RRLL e RRHH) fronte a un incremento nos programas nacionais.

Continúa o fomento da participación do profesorado no programa de titorización. De acordo co artigo 9 do Regulamento de Mobilidade Internacional da Universidade de Vigo aprobado no Consello de Goberno do 7 de maio de 2013 .

(https://www.uvigo.gal/opencms/export/sites/uvigo/uvigo_gl/DOCUMENTOS/internacional/curso-12-13/RegulamentoRRlIdef.pdf), a titorización consiste exclusivamente en;

- a) Informar e asesorar ao alumnado de intercambio sobre os estudos que poden realizar na universidade de destino ou na Universidade de Vigo, no caso do alumnado estranxeiro.
- b) Elaborar o contrato de estudos provisional que asinará a persoa responsable das relacións internacionais do centro.
- c) Supervisar ao alumnado saínte mentres dure a súa estadía na universidade de destino.
- d) Informar e asesorar os órganos colexiados do centro en todo o que estes precisen, así como a persoa responsable das relacións internacionais.

No que atinxe á elaboración do contrato de estudos (ou learning agreement) como sinala a Normativa Interna de Mobilidade Internacional, aprobada en xunta de facultade o día 27 de febreiro de 2018: “1.- Con carácter xeral, terase en conta o período de estudos normal que lle corresponda ao alumno (60 ECTS nos graos e 75 no PCEO). 2.- As materias obrigatorias cursadas no estranxeiro deberán ter un contido substancialmente similar e unha duración semellante ás que se pretenden convalidar na Universidade de Vigo. 3.- Non se poderán incluír no contrato de estudos materias pendentes, que xa foran cualificadas como suspenso polo menos unha vez na Universidade de Vigo. 4.- Non se poderán incluír no contrato de estudos materias que pertencen á mesma área pero que se encontran divididas en diferentes partes (por exemplo, Dereito Financeiro I e Dereito Financiero II), nin

tampouco a materia que constitúe a segunda parte sen ter superada a primeira parte. 5.- O número máximo de créditos totais obxecto de recoñecemento cursados ao abeiro dos programas de intercambio no estranxeiro será de 60 ECTS para os Graos e de 75 para o PCEO”.

O desglose da participación por titulación pode analizarse na seguinte táboa,:

TITULACIÓN	MOB. INTERNACIONAL						MOB. NACIONAL		
	ERASMUS			ISEP			SICUE		
	2019/2020	18/19	17/18	2019/2020	18/19	17/18	2019/2020	18/19	17/18
GRAO EN DEREITO	3	20	12	0	0	0	1	0	2
GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS	13	7	7	0	1	1	0	2	0
DOBLE GRAO	18	24	15	1	3	0	4	0	0
TOTALES	34	51	34	1	4	1	5	2	2

Santander Grado	<u>Dobre Grao</u>	2
	<u>Grao en Dereito</u>	0
	<u>RR.LL E RR.HH</u>	1
	TOTAL: 3	

Concretamente, no curso 2019/2020 participaron un total de 43 alumnxs en programas de mobilidade. Concretamente, 35 en programas de mobilidade internacional (en ERASMUS e ISEP) e 5 no programa nacional SICUE.

EN RELACIÓN Á ORIENTACIÓN AO ESTUDANTADO

A Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo dispón dos seguintes mecanismos de apoio e orientación aos alumnos matriculados no centro:

Xornadas de benvida

Estas xornadas están destinadas ao novo estudiantado (Grao en Dereito, Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos e PCEO ADE-Dereito). Lévese a cabo durante a primeiras semanas do primeiro cuadrimestre.

O obxectivo destas xornadas é aproximalos aos contidos esenciais da súa titulación, ao centro e a todos os servizos ofertados pola Universidade e que lles resultarán de gran axuda no desenvolvemento dos seus estudos. No dito curso trátase de implicar a distintos servizos e organismos da Universidade, tales como o servizo de biblioteca, a oficina de relacións internacionais, o centro de linguas, etc.

No curso académico 2019/2020 as xornadas de benvida tiveron lugar o 16-17 de setembro e o programa figura na seguinte imaxe:



XORNADAS DE BENVIDA AO ALUMNADO DE GRAO

9 -10 de setembro de 2019

9 de setembro Salón de graos

10:00 Acto de benvida
Almudena Bergareche Gros.
Decana

10:15 Os órganos de goberno da Universidade de Vigo e das Facultades

Lydia Noniega Rodríguez.
Vicedecana

11:00 Os plans de estudos

Tamara Martínez Soto.
Coordinadora do grao en Dereito

Belén Fernández Docampo.
Coordinadora do grao en Relacións laborais e recursos humanos

11:30 Descanso

12:00 O Plan de acción tutorial

Rosa Rodríguez Martín-Retortillo. Secretaria da Facultade

12:20 As prácticas en empresas

Rosa Rodríguez Martín-Retortillo. Secretaria da Facultade

12:40 Os programas de mobilidade

José Francisco Durán Vázquez e Pablo Riquelme Vázquez. Coordinadores de mobilidade

13:00 A Secretaría do alumnado

Alba Moldes Portela. Xefa do área de estudos de grao
Jesús Arias Pérez. Xefe de negociado de estudos.

13:20 As actividades das Áreas de Bienestar, Saúde e Deporte

10 de setembro Salón de graos

10:00 A docencia en inglés

Alexandre Pazos Pérez.
Vicedecano

10:30 A Biblioteca nos estudos de grao

11:00 Descanso

11:30 A Delegación de alumnado

Representantes do alumnado

12:00 O Centro de Linguas

Dirección:

Almudena Bergareche Gros

Coordinación:

Rosa Rodríguez Martín-Retortillo

Plan de Acción Titorial

O Plan de acción titorial (PAT) da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo configúrase como o instrumento a través do cal se deseña o contido e a execución das distintas accións relativas á titoría universitaria para as titulacións de grao e mestrado do centro.

Cada unha das titulacións de grao, e cada un dos mestrados, para cada un dos cursos, tivo asignada unha persoa encargada de desempeñar a labor de titorización. Dende a coordinación xeral do PAT, publicouse o informe final anual.

A información sobre o PAT pode consultarse na seguinte ligazón:

<http://fccxxt.webs.uvigo.es/gl/estudiantes/plan-de-accion-titorial/>

O informe anual sobre a titorización correspondente ao curso 2019/2020, pode consultarse en:

http://fccxxt.webs.uvigo.es/images/docs/calidade/evidencias/R2_DO-0203_P1_2019-20.pdf

Ciclos de conferencias, seminarios e/ou xornadas

Accións formativas que complementan a formación do estudiantado. Permitenlle participar en contextos de aprendizaxe distintos ás clases para potenciar a motivación e mellorar a integración na titulación e no centro.

Na táboa exposta a continuación figuran as actividades de formación que tiveron lugar no curso académico 2019/2020.

- 1º Congreso Internacional: Unión de hecho en el escenario internacional 29/06/2020-03/07/2020 [Online](#)
- Seminario internacional: Perca marítima e crecemento sostible 16-17/06/2020 Sede de la Fundación MarInnleg Muelle de Traslánticos, Vigo
- Conferencia "O Xulgado visto dende dentro" 17/06/2020 Sala de xuntas I da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
- Un seminario analizará o futuro legal das actividades deportivas no medio natural 25/05/2020 | [DUVI](#) | Campus Remoto
Aula de Formación Legal
- IX Ciclo Actividades sobre Dereito Marítimo 31/03/2020; 21/04/2020; 28/04/2020 Campus Remoto
- Xornada: El derecho a través de la ciencia 18/03/2020 Aula A209 da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo

- Conferencia: The internationalization of Constitutional Law: Judicial review in the midst of global challenges
05/03/2020 Aula A209 da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
- Xornada: Programa de mobilidade
29/01/2020 Salón de Graos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
- Xornada Internacional 2019 “Ordem jurídica do mercado”
28-29/11/2019 Salón de Graos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
- Xornada “O emprego en Europa: o sector da pesca”
29/11/2019 Secretaría Territorial da Xunta de Galicia, Concepción Areal, 8. Vigo
- X Seminario Internacional de Dereito Romano
22/11/2019 Aula B-302 da FCCXXT
- Seminario Internacional “Problemas actuais do Dereito de familia”
21-22/11/2019 Seminario A-2019 da FCCXXT e Edificio de Sesiones, Muelle
- Xornada “Arbitraje en los sectores azules”
19/11/2019 Edificio de Sesiones, Muelle de Trasatlánticos, Vigo
- Conferencias da Dra. Dana Tillich
12-14/11/2019 Aula A4 da FCCXXT
- Conferencia de Dereito Laboral: Internacionalización 2019
13/11/2019 Aula A-2019 da FCCXXT
- Conferencia “The aegean and eastern mediterranean seas from the perspective of Turkey. International law and law of the sea dimensions”
12/11/2019 Aula A-12 da FCCXXT
- Conferencia “Unión Europea: Para que nos serve? Principais políticas e accións da EU”
31/10/2019 Salón de Graos da FCCXXT
- Xornada de internacionalización en Dereito tributario
30/10/2019 Salón de Graos da FCCXXT
- Conferencia “Protección de datos e dereitos dixitais nos albores da Cuarta Revolución Industrial”
29/10/2019 Salón de Graos da FCCXXT
- Xornada Internacional: As axencias de calidade como garantía do ensino universitario no espazo europeo de educación superior
29/10/2019 Salón de Graos da FCCXXT
- Seminario internacional de dereito romano
25/10/2019 Aula B-302 da FCCXXT
- Congreso Internacional: Últimos avances na integración europea en materia de xustiza penal
24-25/10/2019 Seminario A209 da FCCXXT
- Análise xurídica da sentenza aos feitos do 1 de outubro de 2017
31/10/2019 Salón de Graos da FCCXXT
- Xornada Internacional: L´ Europa e il diritto romano
22/10/2019 Salón de Graos da FCCXXT
- El papel del Derecho penal en el control de la criminalidad organizada
17/10/2019 Salón de Graos da FCCXXT
- Xornada sobre voluntariado e cooperación
16/10/2019 Salón de Graos da FCCXXT
- Pensar el derecho en el siglo XXI: La Justicia Transicional a debate
15/10/2019 FCCXXT

- Mulleres traballadoras na pesca en Galicia
10/10/2019 Salón de Graos da FCCXXT
- Congreso Internacional: Estado en transición
09-10/10/2019 Casa Galega da Cultura
- Xornada de internacionalización 2019
07/10/2019 Salón de Graos da FCCXXT
- Futuro da lexislación cooperativa
04/10/2019 Salón de Graos da FCCXXT
- II Xornada laboralista
27/09/2019 Salón de Graos da FCCXXT
- Juvenicidio y sistema penal en Colombia
12/09/2019 Salón de graos da FCCXXT

A información sobre as diferentes xornadas (datas, lugar de celebración e programa) pode consultarse na seguinte ligazón:

<http://fccxxt.webs.uvigo.es/gl/investigacion/congresos-e-seminarios/>

EN RELACIÓN AOS RESULTADOS DE DOCENCIA

Pódese consultar o Informe de Resultados do Programa Docencia (Quinquenal), que desglosa os datos por ámbitos docentes, por centros e por departamentos, na seguinte ligazón:

III. ANÁLISE DE RESULTADOS DAS TITULACIÓNS DO CENTRO –SEGUIMENTO DAS TITULACIÓNS

Seguimento da titulación: Grao en Dereito

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO

Estándar: O programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por preinscripción

Se observamos a evolución do estudantado matriculado no curso académico 2019/2020 podemos comprobar que se mantén o incremento producido xa dende os últimos anos. Este ano incrementouse practicamente nun 9,75 % respecto do ano anterior, na matrícula de novo ingreso por preinscripción, pasando de 72 estudantes no ano 2018/19 a 79 no ano 2019/2020, cumpríndose optimamente o obxectivo.

Debemos atender ao perfil do ingreso do alumnado. Dentro da información que se pode manexar do curso 2019/2020, destacamos:

Bacharelato: 69 (no ano académico 2018/19: 61)

FP: 3 (no ano académico 2018/19: 6)

Maiores de 25 anos: - (no ano académico 2018/19: 1)

Maiores de 45 anos:- (no ano académico 2018/19: 1)

Por título de grao: 1 (no ano académico 2018/19: 1)

Por homologación ou validación de estudos estranxeiros: 3 (no ano académico 2018/19: 2)

I01-AC: Nota media de acceso

No que atinxe ás notas de Acceso, temos que atender aos Anexos, concretamente ao Anexo I para o grao en Dereito.

A este respecto, vemos que dependendo da modalidade de ingreso estaríamos entre unha nota de menor de 7,558 no Bacharelato Ciencias e unha nota máxima do Bacharelato Humanidades de 9,838.

No que se refire ao acceso por título de Formación Profesional oscilan entre 7,230 e 8,860. Complétanse cos datos de acceso por título de grao, 7,638, e por estudos estranxeiros 8,635.

I01(2)-AC: Nota mínima de acceso

A nota mínima de acceso a titulación finalmente é a de 7,14, que sigue estando por riba dos datos do ano 2017/18 onde a nota era de 6.75, aínda que un pouco inferior a 7,240 do ano 2018/19.

I03-AC: Preferencia

No que se refire á inscrición, non temos datos desagregados sobre a porcentaxe de alumnos que indicaron o grao en Dereito como primeira opción, se observamos a preferencia, veremos que é dun 127,14%, inferior ao 138,57% do ano académico 2018/19, situándose neste curso por encima do 95%, que é o porcentaxe fixado como obxectivo de calidade do centro.

I03(2)-AC: Adecuación

Por outra banda, sobre a adecuación ao título dos estudos de procedencia tampouco temos datos desagregados, aínda que temos unha porcentaxe de adecuación de 82,28% sendo a máis alta da serie dos últimos cinco anos, e cerca xa da meta de calidade.

I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)

A este respecto, debemos sinalar que neste curso 2019/2020 participaron 31 estudantes en programas de mobilidade internacional, fronte a 20 no curso 2018/2019, e 12 no curso 2017/2018.

I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros

No curso 2019/2020 acudiron 28 estudantes estranxeiros, sen que haxa datos dos anos anteriores.

I02-AC: Ocupación

Sobre a ocupación, neste ano 2019/2020 estamos nunha porcentaxe de 112,86%, dez puntos por riba do acadado no curso 2018/2019.

I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.**Grao de satisfacción do estudantado coa planificación e desenvolvemento do ensino**

Pásase de 2,41 no ano 2018/2019, a 2,61 no ano 2019/2020, achegándonos á meta de calidade fixada en 3.

Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento do ensino

Non hai datos, porque esta enquisa ten carácter bianual.

Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento do ensino

Neste sentido, cómpre sinalar que se incrementou de novo o grao de satisfacción alcanzando o 3,28.

Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas

Temos indicadores por primeira vez alcanzando un nivel de satisfacción de 4,11.

CONCLUSIÓN

En liñas xerais os indicadores foron mellorando respecto ao ano 2018/2019, salvo puntuais aspectos que tendo mellorando non chegan aos niveis de calidade requiridos, e que recolleamos a continuación.

PUNTOS DÉBILES

Non hai datos anuais sobre o grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento do ensino.

Sobre os puntos débiles:

I.I01-AC: Nota media de acceso. No que se refire ao acceso por título de Formación Profesional oscilan entre 7,230 e 8,860. Complétanse cos datos de acceso por título de grao, 7,638, e por estudos estranxeiros 8,635.

Por debaixo da media de calidade.

II.I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.Grao de satisfacción do estudantado coa planificación e desenvolvemento do ensino

Pásase de 2,41 no ano 2018/2019, a 2,61 no ano 2019/2020, achegándonos á meta de calidade fixada en 3.

ACCIÓN MELLORA

I.Crear un espazo na Web da Facultade dirixida a futuros estudantes do Grao, coa información máis relevante.

II.Realización dun libro electrónico en pdf do grao en Dereito con toda a información docente para o alumnado (horarios, exames, cronogramas, e guías docentes) para descargar dende a Web da facultade.

MELLORAS ANTERIORES

O número de alumnos de novo ingreso e que elixiron a titulación de primeira opción segue sen acadar o obxectivo do centro.

--Seguir incidindo nos esforzos para a captación de alumnado, que deron resultados positivos.

Puntos débiles detectados:

I.I01-AC: Nota media de acceso.

II.I05-DO: Grao de satisfacción do estudiantado coa planificación e desenvolvemento do ensino

Accións de mellora a implantar:

I.Crear un espazo na Web da Facultade dirixida a futuros estudantes do Grao, coa información máis relevante.

II.Realización dun libro electrónico en pdf do grao en Dereito con toda a información docente para o alumnado (horarios, exames, cronogramas, e guías docentes) para descargar dende a Web da facultade.

Evidencias nas que basea a valoración:

E1: Memoria vixente do título

E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora

E3: Perfil de ingreso do alumnado(grao)

E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)

E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).

QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

Indicadores nos que se basea a valoración:

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición

I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia

I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)

I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros

I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.

I01-AC: Nota media de acceso

I01(2)-AC: Nota mínima de acceso

I02-AC: Ocupación

I03-AC: Preferencia

I03(2)-AC: Adecuación

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

A información relevante sobre a titulación do Grao en Dereito da Facultade de Ciencias Xurídicas de Vigo podemos atopala, no que se refire á información para futuros estudantes, na páxina web da universidade e da propia facultade e, en relación a información máis concreta baseada en datos importantes para a valoración da titulación, podemos acceder aos mesmos a través do “portal de transparencia” tamén dentro da páxina web da universidade.

En relación a accesibilidade, a nova aparencia da páxina web da uvigo permite un acceso rápido e sinxelo, en tanto pódese chegar en tres clicks dende a páxina de inicio á información xeral do grao en dereito, en nun click máis á páxina la Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

A descrición do Título e demais información relacionada atópase en aberto para calquera persoa interesada e de forma clara e accesible na web da UVIGO (<https://www.uvigo.gal/>), a través da que se accede a web dos distintos Centros, e xa dentro da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (<http://fccxxt.webs.uvigo.es/gl/>), toda a información relativa ao Título do Grao en Dereito ten o seu propio espazo virtual en <http://fccxxt.webs.uvigo.es/gl/estudos/grao-en-dereito/>

Nesta páxina web pódense acceder aos principais datos do título: o calendario académico, as guías docentes, as datas de exames, o profesorado, as prácticas externas... e, por suposto, a Memoria Verificada do Título, os Informes de Seguimento e as Memorias de Calidade –plans de melloras incluídos-.

Dende o ano 2014, os contidos da páxina web do Centro actualízanse permanentemente. Tal actualización constante implica a inclusión de calquera nova información sobre calquera titulación do Centro e, polo tanto, tamén do Grao en Dereito. A existencia de todos estes instrumentos de información pública fan que a satisfacción do alumnado sobre a mesma acade unha puntuación bastante satisfactoria nas correspondientes enquisas, sendo de 3,39 (taboa II.1.3).

Debemos destacar a plataforma virtual FAITIC –de acceso restrinxido- conforma a canle habitual de comunicación entre o profesorado e o estudantado, ademais de ser un espazo no que se poñen a disposición destes últimos material para o estudo, normativa, exercizos e calquera outra información que se estime de interese para un curso determinado. A través desta ferramenta informática tamén é posible prantexar ao alumnado cuestionarios de autoavaliación moi útiles para comprobar en primeira persoa os resultados do seu estudo.

Ademais da web e a ferramenta virtual FAITIC, outros canais de comunicación existentes entre o persoal do centro – docentes e equipo decanal- e alumnado son: o correo electrónico, pantallas de información, as reunións de coordinación e o Programa de Acción Titorial (PAT).

Máis alá do que atinxe a información pública relativa á Titulación e ao Centro, hai que sinalar que a Universidade de Vigo está moi presente en redes sociais (Facebook, Twiter, Instagram, LinkedIn), con gran actividade, publicando noticias de interese universitario, entre elas, cando corresponda, as que afecten á Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo e ao Grao en Dereito.

Por outra parte, dada a circunstancia excepcional da pandemia, duplicouse a facultade virtualmente cun espazo para aulas, conferencias, titorías e despachos virtuais (www.campusremotouvigo.gal, e <https://campusremotouvigo.gal/faculty/308>)

CONCLUSIÓNS

En liñas xerais, a información e a transparencia é a axeitada.

PUNTOS FEBLES DETECTADOS

I-Acceso a algúns recursos Web, como o Campus online e os despachos virtuais.

ACCIÓNS DE MELLORA A IMPLANTAR

I-Crear accesos directos dende as webs das facultades ao campus online e aos despachos virtuais.

Puntos febles detectados:

I-Acceso a algúns recursos Web, como o Campus online e os despachos virtuais.

Accións de mellora a implantar:

I-Crear acceso directos dende as webs das facultades ao campus online e aos despachos virtuais.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)

R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública

QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:

Centro certificado
FIDES-AUDIT

A titulación impártese na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo que ten dende o 23 de xullo de 2015 (Certificado número 05/15) o Certificado de Implantación do SGIC dacordo coas directrices do Programa FIDES-AUDI, vixente ata xullo do ano 2021.

Polo tanto, o SGIC da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo é unha ferramenta estratéxica básica para acadar unha mellora continua das súas titulacións.

Previamente, no marco do Programa FIDES-AUDIT, dende o ano 2007 guiouse o Centro na súa labor de integración de todas as actividades relacionadas coa Garantía da Calidade das ensinanzas, en colaboración coa Área de Apoio á Docencia e a Calidade da Universidade de Vigo, deseñaron e aprobaron o SGIC. A Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo conseguiu a Certificación FIDES-AUDIT por parte da ACSUG o 26 de abril de 2010 (Certificado número 49/2010).

No Informe de auditoría externa destácase o alto compromiso do Centro coa Xestión da Calidade e a mellora continua das ensinanzas e o axuste da documentación do SGC aos criterios e directrices do Programa FIDES-AUDIT.

Dentro das melloras levadas a cabo tamén destaca un proceso de reestructuración da páxina web do Centro. A web da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo engadiu unha pestana na páxina principal sobre calidade desde a que se pode acceder ao SGIC para ver todas as evidencias (Informe de Revisión do Sistema pola Dirección, Informes de seguimento das titulacións, Plans Anuais de Accións de Mellora, Informes de Coordinación, Informes Anuais do Plan de Acción Titorial, ...).

Tamén noutra pestana atópanse totalmente visibles os Resultados de Medición coas Taxas Académicas dos pasados cursos

<p>académicos. Ademais, tamén se expuxeron todos os datos no taboleiro de anuncios que se atopa na entrada do Decanato en exposición pública e por último, atópase toda a información na web da área de Calidade da Universidade de Vigo.</p> <p>O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar as debilidades e propoñer accións de mellora, realizando un seguimento das mesmas. Neste senso, os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e utilízaos na toma de decisións e a mellora da calidade do título desenvóléronse dacordo o establecido.</p> <p>Neste compromiso de mellora da Calidade compre subliñar a labor desenvolvida pola Comisión de Calidade é pode comprobarse a súa actividade nas actas da Comisión de Calidade dispoñibles na páxina web da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo http://fccxxt.webs.uvigo.es/es/calidad/comision-de-calidad</p> <p>Pódese considerar unha fortaleza a transparencia o mostrar na páxina web da Facultade – convertida en repositorio documental do SGIC- tódolos resultados do traballo da Comisión de Garantía da Calidade e do equipo directivo, e a forma coa que a Comisión de Calidade abordou todas as cuestións que afectan o PDI e o PAS que facilitan a consecución dos obxectivos da mellora continua da Calidade.</p> <p>En definitiva, pódese afirmar que no Centro existe unha cultura de Calidade consolidada, baseada na preocupación continua pola mellora da calidade, feito que confirma o deseño do SGIC o Manual de Calidade e os Procedementos ligados o SGIC.</p>	
Puntos febles detectados:	Accións de mellora a implantar:
<p>Evidencias nas que se baseou a valoración:</p> <p>E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/<u>Comisión de Garantía de Calidade</u></p> <p>E10: Documentación do SGC (Política, obxectivos de calidade, manual e procedementos)</p> <p>E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)</p> <p>E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC</p> <p>EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)</p>	
<p>Indicadores nos que se baseou a valoración:</p> <p>I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade</p> <p><u>I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro</u></p>	

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

<p>Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.</p> <p>Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.</p>
<p>Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:</p> <p>I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI</p> <p>-Grao satisfacción estudiantado</p> <p>En relación ao grao de satisfacción do estudiantado coa titulación, no curso 2019/2020, chegouse a 3,06, continuando na mellora das series de anos anteriores. No curso 2018/2019 é de 2.92 reducíndose</p>

lixiramente respecto ao curso 2017/2018, que foi de 2.97 pero incrementándose en relación ao curso 2016/2017, 2.70., e estando dentro dos estándares de meta de calidade.

-Grao satisfacción profesorado

Non existen datos do grao de satisfacción do profesorado por ser bianuais, aínda que entendemos que se debe mudar a pauta para convertilo en anual.

-Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento do ensino

Non existen datos do grao de satisfacción do profesorado por ser bianuais, aínda que entendemos que se debe mudar a pauta para convertilo en anual.

-Grao satisfacción persoas tituladas

O grao de satisfacción das persoas tituladas é no curso 2019/2020 de 3.70, incrementándose de novo neste ano académico e dentro do estándares de calidades marcados polo centro. No ano 2018/2019 era de 3.60, apreciándose un incremento claro respecto aos cursos precedentes, 3.06 e 3.58 respectivamente

-Grao satisfacción empregadores

Non hai datos e enténdese importante a existencia destes parámetros.

-Grao de satisfacción do estudantado coa planificación e desenvolvemento do ensino

Neste parámetro subimos de 2,41 a 2,61 neste ano 2019/2020, achegándonos o obxectivo de marcado como calidade no centro.

-Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento do ensino

A este respecto acadouse 3,28 neste ano 2019/2020, fronte ao 3,25 do ano 2018/2019, manténdose polo tanto en cifras semellantes.

-Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas

Alcanzouse neste punto a cifra de 4,11 sendo óptima non se pode comparar con outros anos, porque non hai datos.

I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas

En canto a formación pasouse a unha participación de 20 a 27 do profesorado en programas de formación neste ano 2019/2020.

I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.

Neste sentido destacamos que se baixou de 68,48 a 41,07, afastándonos considerablemente da meta de calidade do centro.

I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución

-Participación do alumnado nas enquisas de avaliación do profesorado (Enquisas de avaliación docente)

Apréciase unha baixada no ano 2019/2020 a 31,35% fronte aos 32,32% do ano 2018/2019.

-Grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado (Enquisas de avaliación docente)

Neste ano 2019/2020 baixou a 3,77 fronte aos 3,87 do ano 2018/2019, aínda que pode ser un aspecto circunstancia debido á situación sanitaria da pandemia.

I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos

Alcanzouse 6,52%, no quinquenio avaliado 2012/2017, porcentaxe superado unicamente por 5 dos 22 centros da Universidade de Vigo.

Cómpre sinalar que na convocatoria anterior (2011-2015) a porcentaxe do centro foi de 5,1%, sendo superado daquela por 8 dos 21 centros da Universidade de Vigo.

Estes datos amosan a favorable disposición do profesorado da Facultade a someter a avaliación a súa actividade docente, nun programa de carácter voluntario.

I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)

Na serie dos últimos anos movéronse entre 12 e 15, sen que haxa datos de 2019/2020.

I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

A media de estudantes por grupos de docencia alcanza neste ano 2019/2020, 46,49 para Grupos A, e 14,25 para Grupos B, o que supón un problema para unha óptima docencia.

I02-PE: Cualificación do PDI

Consonte coa información neste ano 2019/2020, existen 32 profesores fixos por 41 non fixos, e 43 doutores por 33 non doutores, e polo tanto por debaixo das ratios de calidade da universidade

I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)

Aparecen neste punto 52 sexenios de investigación no ano 2019/2020.

I03(2)-PE: Profesorado por categoría

Destacan neste epígrafe a porcentaxe de persoal non permanente fronte ao persoal permanente.

CONCLUSIÓN

En liñas xerais os indicadores melloraron respecto a anos anteriores, salvo o que afecta a profesorado estable, promoción, e pas.

PUNTOS DÉBILES

Queremos poñer de manifesto que existe unha cuestión previa que debe resolverse en anos futuros que é a non existencia de datos anuais nos seguintes items:

- Grao satisfacción profesorado
- Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento do ensino
- Grao satisfacción empregadores
- Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)

No que atinxe aos puntos débiles encontramos:

I.Sobre o estudantado:

- Grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado (Enquisas de avaliación docente), baixada a 3.77 puntos.
- Participación do alumnado nas enquisas de avaliación do profesorado (Enquisas de avaliación docente) Apréciase unha baixada no ano 2019/2020 a 31,35% fronte aos 32,32% do ano 2018/2019.
- Grao de satisfacción do estudantado coa planificación e desenvolvemento do ensino Neste parámetro subimos de 2,41 a 2,61 neste ano 2019/2020, achegándonos o obxectivo de mercado como calidade no centro.

En relación con este aspecto debemos ter en conta tamén: a **Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)** A media de estudantes por grupos de docencia alcanza neste ano 2019/2020, 46,49 para Grupos A, e 14,25 para Grupos B, o que supón un problema para unha óptima docencia. Pensemos que os TMG están establecidos en 31 e 35, e aquí falamos de 46,49 aspecto que é básico nun grao como Dereito.

II.Sobre o profesorado (I02-PE: Cualificación do PDI, I03(2)-PE: Profesorado por categoría), destaca un número de profesores doutorese e de profesorado fixo fronte a temporal por debaixo das medias de calidade da universidade. Isto afecta, como se pode ver nos índices manexados, á satisfacción do estudantado, á planificación, e ao desenvolvemento.

III.Sobre o personal de apoio: (I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.

No caso deste Grao en Dereito e nesta Facultade, isto pode ser debido a que no edificio onde se imparten hai so un PAS pola mañá e 2 pola tarde, co que se fai moi difícil que poda afrontar accións formativas, e que incide na imaxe e nos medios e apoios do propio estudantado.

ACCIÓN MELLORA

I-Sobre o Estudantado, mellorar a información da Facultade sobre as enquisas de avaliación (xornadas, cursos, etc), e mellorar a información máis accesible sobre as Guías docentes e Cronogramas.

II-Sobre o Profesorado, petición de máis profesorado e máis posibilidade de promoción académica.

III'-Sobre o PAS, petición de máis persoal PAS para a o grao e a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

MELLORAS ANTERIORES

Mellorar a participación, mediante a acción de recomendar as enquisas en horas prácticas, aspecto que todavía pode mellorarse.

Puntos febles detectados:

I. Sobre o estudantado ((I4, I8, I15) Grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado, Participación do alumnado nas enquisas de avaliación do profesorado e Grao de satisfacción do estudantado coa planificación e desenvolvemento do ensino

II. Sobre o profesorado (I02-PE: Cualificación do PDI, I03(2)-PE: Profesorado por categoría, I15)

III.Sobre o persoal de apoio (I7/I017-PE).

Accións de mellora a implantar:

I-Sobre o estudantado, mellorar a información da Facultade sobre as enquisas de avaliación (xornadas, cursos, etc), e mellorar a información máis accesible sobre as Guías docentes e Cronogramas.

II-Sobre o Profesorado, petición de máis profesorado e máis posibilidade de promoción académica.

III-Sobre o PAS, petición de máis persoal PAS para a o grao e a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

Evidencias nas que se baseou valoración:

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve
E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)
R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI

I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas

I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.

I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución

I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos

I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)

I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

I02-PE: Cualificación do PDI

I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)

I03(2)-PE: Profesorado por categoría

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado son os axeitados ás necesidades do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As infraestruturas das que dispón a Facultade, pese o amplo número de titulacións que se imparten no Centro, son máis que suficientes para o correcto desenvolvemento do Grao en Dereito. A Facultade dispón dun número suficiente de aulas e seminarios para a impartición da docencia teórica –aulas- e práctica – aulas e seminarios-. O Centro tamén dispón dunha Sala de Estudo-Biblioteca e un aula de informática. Os fondos bibliográficos da Sala de Estudo-Biblioteca vanse incrementando todos os anos. Máis alá do escaso orzamento da propia UVigo, os recursos proveñen maioritariamente do Decanato, que gracias ao aforro noutras partidas facilita a todas as áreas a adquisición dos fondos bibliográficos de docencia e de investigación.

O profesorado e o alumnado, ademais, teñen a súa disposición a plataforma de teledocencia FAITIC da UVigo que permite intercambios virtuais de toda clase de materiais didácticos, e que tras moitos anos de utilización casi unánime por todos os interesados, conforma a día de hoxe un instrumento fundamental e imprescindible para o desenvolvemento da docencia. O estudantado do Grao en Dereito ten a súa disposición un listado completo das empresas e entidades nas que poden facer prácticas curriculares e extracurriculares.

Observando os índices a ter en conta neste punto sinalaremos o que deseguido se recolle:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos

-Grao satisfacción PAS

Non hai datos ao respecto, considerándose necesario.

-Grao satisfacción profesorado

Non existen datos do grao de satisfacción do profesorado por ser bianuais, aínda que entendemos que se debe mudar a pauta para convertilo en anual.

-Grao satisfacción empregadores

Non hai datos e enténdese importante a existencia destes parámetros.

-Grao satisfacción estudantado

En relación ao grao de satisfacción do estudantado coa titulación, no curso 2019/2020, chegouse a 3,06, continuando na mellora das series de anos anteriores. No curso 2018/2019 é de 2.9209, reducíndose lixeiramente respecto ao curso 2017/2018, que foi de 2.97 pero incrementándose en relación ao curso 2016/2017, 2.70., e estando dentro dos estándares de meta de calidade.

I08-DO: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas

Alcanzouse neste punto a cifra de 4,11 sendo óptima non se pode comparar con outros anos, porque non hai datos.

I11: Nº de alumnado por centro de prácticas.

Constan 19 alumnos de prácticas curriculares e 5 de extracurriculares no ano 2019/2020.

I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

A media de estudantes por grupos de docencia alcanza neste ano 2019/2020, 46,49 para Grupos A, e 14,25 para Grupos B, o que supón un problema para unha óptima docencia tendo en conta o que se

considerarían os TMG.

PUNTOS DÉBILES

I.14: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos-Grao satisfacción PAS, Grao satisfacción profesorado, Grao satisfacción empregadores.

-Non existen datos sobre o seguinte, e consideraríanse necesarios.

II.Sobre a: **I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)**

A media de estudantes por grupos de docencia alcanza neste ano 2019/2020, 46,49 para Grupos A, e 14,25 para Grupos B, o que supón un problema para unha óptima docencia tendo en conta o que se considerarían os TMG.

ACCÍONS DE MELLORA

I. Realizar enquisas sobre I.14: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos: Grao satisfacción PAS, Grao satisfacción profesorado, Grao satisfacción empregadores.

II. Petición de máis profesorado en relación co alumnado por grupo de docencia e TMG.

Puntos febles detectados:

I.14: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos: Grao satisfacción PAS, Grao satisfacción profesorado, Grao satisfacción empregadores.

II.Sobre a: I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...) en relación con TMG.

Accións de mellora a implantar:

I. Realizar enquisas sobre I.14: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos: Grao satisfacción PAS, Grao satisfacción profesorado, Grao satisfacción empregadores.

II. Petición de máis profesorado en relación co alumnado por grupo de docencia e TMG.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título

E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT

E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e Extracurriculares.

E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título

E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia

E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos

I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas

I11: Nº de alumnado por centro de prácticas.

I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análises xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción

Facendo unha análise xeral dos resultados polos distintos grupos de interese, diferenciaremos entre estudantado, estudantado-titulado, profesorado:

Estudiantado

En relación ao grao de satisfacción do estudantado coa titulación, no curso 2019/2020, chegouse a 3,06, continuando na mellora das series de anos anteriores, por riba do límite.

Estudiantado-titulado

O grao de satisfacción das persoas tituladas é no curso 2019/2020 de 3,70, incrementándose de novo neste ano académico e dentro do estándares de calidades marcados polo centro.

Profesorado

Non existen datos do grao de satisfacción do profesorado por ser bianuais, aínda que entendemos que se debe mudar a pauta para convertilo en anual.

Empregadores

Non hai datos e enténdese importante a existencia destes parámetros.

I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

En relación aos resultados de aprendizaxe non podemos valorar a inserción dos alumnos en tanto os datos que manexamos máis recentes son de 2015 (pódese consultar na páxina web:

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/69/21>

-No que atinxe á relación coas taxas de éxito, destaca no 89%, por riba do índice mínimo de calidade do 80%. Por materias, porén, vemos que sería desigual:

-Obvservaremos unhas taxas máximas de éxito diferentes en función da materia, e se é obrigatoria ou optativa. Faríase necesaria diferenciar por cursos do grao para a súa mellor análise.

-Merece unha atención especial a asignatura de TFG, que tería uns índices de avaliación, éxito, rendemento de: 61,36%, 100 %, 61,36 %, respectivamente.

Debemos observar a este respecto, o número de estudantado non presentado a esta asignatura, que é de 52 persoas (fronte ás 84 presentadas).

-A asignatura de prácticas externas ten uns índices totais do 100% de avaliación, éxito, rendemento.

PUNTOS FEBLES

I.Número do estudantado non presentado á asignatura de TFG.

II.Avaliación, éxito e rendemento das asignaturas que están por debaixo dos estándares.

ACCIÓNS DE MELLORA I. Acciões para axudar a planificar a materia de TFG. II. Cursos, Xornadas, e accións para capacitar ao alumnado para mellorar as súas competencias (orais-debates, escritas, aulas-formación).	
Puntos febles detectados: I. Número do estudantado non presentado á asignatura de TFG. II. Avaliación, éxito e rendemento das asignaturas que están por debaixo dos estándares.	Acciões de mellora a implantar: I. Acciões para axudar a planificar a materia de TFG. II. Cursos, Xornadas, e accións para capacitar ao alumnado para mellorar as súas competencias (orais-debates, escritas, aulas-formación).
Evidencias nas que se se baseou a valoración: E4: Guías docentes das materias E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título,titor e cualificación) E25/: Informes de cualificación por materia EA11: Informes de prácticas	
Indicadores nos que se baseou a valoración: I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análises xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)	

CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACIÓN E RENDEMENTO

<p>Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.</p> <p>Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se Os resultados adecúanse ás previsións e características do título.</p>
<p>Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:</p> <p>I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico Se observamos a evolución do estudantado matriculado no curso académico 2019/2020 podemos comprobar que se mantén o incremento producido xa dende os últimos anos. Este ano incrementouse practicamente nun 9,75 % respecto do ano anterior, na matrícula de novo ingreso por preinscripción, pasando de 72 estudantes no ano 2018/19 a 79 no ano 2019/2020, cumpríndose optimamente o obxectivo.</p> <p>I12: Evolución dos indicadores de resultados</p> <p>▣ Tasa de gradación Mantense no cincuenta por cento a taxa de gradación, como o curso pasado, neste ano 2019/2020, 53,85%, no ano 2018/2019, unha taxa do 51,49 % nos estándares de calidades establecidos.</p> <p>▣ Tasa de abandono En relación con este indicador, increméntase considerablemente pasando ao 30%, fronte ao 17,81% do curso 2018/2019, e o 15.85% do ano 2017/2018, o que fai que estea por debaixo dos umbrais de calidade establecidos nun 20% ou menos.</p>

Tasa de eficiencia

Sigue incrementándose na serie dos últimos anos, neste 2019/2020 acada o 91%, fronte o 89% do 2018/2019, e o 87% do 2017/2018. Está dentro dos límites de calidade establecidos nun 85%.

Tasa de rendemento

Os indicadores de rendemento sitúanse no 78%, para este ano, incrementándose en máis de 10 puntos por porcentuais, e acadan o obxectivo de calidade do centro, un 66%.

Tasa de éxito

A taxa de éxito situaríase no 89%, continuándose na senda positiva, e dentro do límite do obxectivo de calidade.

Tasa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)

Non aparece.

I010-DO: Duración media dos estudos

Amósase unha duración de 4,80, por riba dos límites de calidade sinalados entre 4,5/4.

Nunha comparativa entre os datos mencionados do grao en Dereito dos cursos 18/19, 17/18 e 16/17: A duración media dos estudos no curso 18/19 sitúase case na marxe marcada como obxectivo de calidade, (4.5-5), sendo neste curso do 4.44. Diminúe considerablemente respecto o ano 2017/2018 que era case de 5 anos (4.98) mentres que no curso 16/17 o valor atopábase preto dos 4 anos (4,18).

I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/69/21>

I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso

Non consta.

CONCLUSIÓNS

As taxas son en liñas xerais positivas, en especial as de eficiencia, rendemento e éxito.

PUNTOS FEBLES**I.Tasa de abandono**

Incrementábase considerablemente pasando ao 30%, o que fai que estea por debaixo dos umbrais de calidade establecidos nun 20% ou menos.

II.I010-DO: Duración media dos estudos

Amósase unha duración de 4,80, por riba dos límites de calidade sinalados entre 4,5/4.

ACCIÓNS DE MELLORA

I. Realización de cursos, xornadas, e accións para mellorar o rendemento (orais-debates, escritas, aulas-formación).

II. Realización dun libro electrónico en pdf do grao en Dereito con toda a información docente para o alumnado (horarios, exames, cronogramas, e guías docentes) para descargar dende a Web da facultade.

ACCIÓNS ANTERIORES:

Lixeiro incremento da taxa de abandono.

-- Análise na Comisión de Calidade do incremento deste índice

Puntos febles detectados:

I.Tasa de abandono

Accións de mellora a implantar:

I. Realización de cursos, xornadas, e accións para mellorar o rendemento (orais-debates, escritas, aulas-formación).

II.I010-DO: Duración media dos estudos	II.Realización dun libro electrónico en pdf do grao en Dereito con toda a información docente para o alumnado (horarios, exames, cronogramas, e guías docentes) para descargar dende a Web da facultade.
Evidencias nas que se baseou a valoración: E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC	
Indicadores: I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico I12: Evolución dos indicadores de resultados <input type="checkbox"/> Tasa de gradación <input type="checkbox"/> Tasa de abandono <input type="checkbox"/> Tasa de eficiencia <input type="checkbox"/> Tasa de rendemento <input type="checkbox"/> Tasa de éxito <input type="checkbox"/> Tasa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial) I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso I14/I016-DO: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego I010-DO: Duración media dos estudos	

Seguimento da titulación: Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO

Estándar: O programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado.

Reflexión/comentarios que Xustificuen a valoración:

O Título do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos continua a desenvolverse con total normalidade segundo a Memoria verificada e os contidos das guías docentes de cada materia, o que permite a correcta adquisición das competencias e resultados do aprendizaxe por parte do estudiantado. De feito, como dato positivo do curso académico 2019/2020, hai que subliñar un repunte do número de matriculados de novo ingreso por prescrición (71 matriculados fronte a 65 no curso anterior) (I04-AC), o que parece confirmar a situación excepcional da baixada de matrícula acontecida no curso 2018/2019. Xa que logo, queda cumprida a meta de calidade asociada que se concreta nunha “variación dun +5% respecto ao curso anterior). Dende a aprobación da Memoria do Título, a única incidencia salientable no que atinxe ao seu desenvolvemento é o que ven acontecendo coa guía docente da materia “Economía Laboral”, obrigatoria de 3º curso, que para a súa subsanación definitiva e ante a imposibilidade de introducir modificacións parciais da Memoria, precisa a súa modificación substancial o que será efectuado cando a situación o precise.

Outras evidencias e indicadores representativos do desenvolvemento correcto da Titulación son os seguintes:

- Grao de satisfacción do estudiantado (I02-MC) coa titulación en xeral: 3,80.
- Grao de satisfacción do colectivo do estudiantado coa actividade docente do profesorado (I04-DO): 3,60
- Grao de satisfacción do colectivo do estudiantado coa planificación e desenvolvemento do ensino (I05-DO): 2,68

Aínda que todos estes resultados son algo inferiores que os acadados nos mesmos ítems no curso 2018/2019, todos son superiores ao aprobado (2.5). Quizás a situación excepcional acaecida no curso 2019/2020 coa pandemia foi a razón pola que algo baixaron en comparación co curso anterior.

Si son susceptibles de valoración totalmente positiva en temos absolutos e en comparación co curso 2018/2019, as Taxas de Ocupación (I02-AC), Preferencia (I03-AC) e Adecuación (I03(2)-AC), pois aínda que non se alcanza á meta de calidade asociada todas elas son superiores ás cifras acadadas no curso 2018/2019, e son as seguintes:

Taxa de Ocupación (I02-AC): 88,75% (7 puntos por riba do acadado no curso 2018/2019).

Taxa de Preferencia (I03-AC): 75% (9 puntos por riba do acadado no curso 2018/2019).

Taxa de Adecuación (I03(2)-AC): 78;87% (casi 11 puntos por riba do acadado no curso 2018/2019).

Puntos débiles detectados:

- 1.- Grao de satisfacción do estudiantado coa planificación e desenvolvemento do ensino.
- 2.- Resultado das taxas de ocupación, preferencia e adecuación.

Accións de mellora a implantar:

- 1.- Mellorar o grao satisfacción do estudiantado coa planificación e desenvolvemento do ensino.
- 2.- Acercarse á meta de calidade asociada ás taxas de ocupación, preferencia e adecuación.

Evidencias nas que basea a valoración:

E1: Memoria vixente do título
 E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora
 E3: Perfil de ingreso do alumnado(graio)
 E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)
 E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade
 E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).
 QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

Indicadores nos que se basea a valoración:

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición
 I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia
 I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)
 I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros
 I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.
 I01-AC: Nota media de acceso
 I01(2)-AC: Nota mínima de acceso
 I02-AC: Ocupación
 I03-AC: Preferencia
 I03(2)-AC: Adecuación

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Toda a información relevante dos estudos atópase en aberto e de forma clara e accesible para calquera persoa interesada na web da UVIGO (<https://www.uvigo.gal/>), a través da que se accede a páxina dos distintos Centros, e xa dentro da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (<http://fccxxt.webs.uvigo.es/gl/>), toda a información relativa ao Título do Grao en Relacións Laborais Recursos Humanos ten o seu propio espazo virtual (<http://fccxxt.webs.uvigo.es/gl/estudos/graio-en-rrll/>)

Na referida páxina web están totalmente accesibles, entre outros, os seguintes datos: o calendario académico, as guías docentes, as datas de exames, o profesorado, as prácticas externas... e, por suposto, a Memoria Verificada do Título, os Informes de Seguimento e as Memorias de Calidade –plans de melloras incluídos-. Dende o ano 2014, os contidos da páxina web do Centro se actualizan permanentemente. Tal actualización constante implica a inclusión de calquera nova información sobre as distintas titulacións e, por ende, tamén da relativa ao Grao en RRL e RRH, como foi a modificación da súa Memoria Verificada no ano 2014 e aprobada pola AGSUG no 2015. A existencia de todos estes instrumentos de información pública fan que a satisfacción do alumnado sobre a mesma acade unha puntuación bastante satisfactoria nas correspondientes enquisas. En concreto, o Grao de satisfacción do estudantado (I02-MC) coa titulación en xeral é de 3,80.

Ademais da páxina web, a plataforma virtual FAITIC e iniciándose MOOVI xa –de acceso restrinxido- conforman as canles habituais de comunicación entre o profesorado e o estudantado, ademais de ser un espazo no que se poñen a disposición destes últimos material para o estudo, normativa, exercizos e calquera outra información que se estime de interese para un curso determinado. A

través destas ferramentas informáticas tamén é posible prantexar ao alumnado cuestionarios de autoavaliación moi útiles para comprobar en primeira persoa os resultados do seu estudo. Dada a circunstancia excepcional de confinamento domiciliario como consecuencia do estado de alarma decretado polo Goberno no mes de marzo de 2020, a utilización destas plataformas foron fundamentais para poder seguir coa docencia o os exames, xunto co espazo habilitado a tal efecto para aulas, conferencias, titorías e despachos virtuais a través do cualificado como campus remoto da Vigo (www.campusremotouvigo.gal, e <https://campusremotouvigo.gal/faculty/308>)

Ademais da web e as ferramentas virtuais, outros canais de comunicación existentes entre o persoal do centro –docentes e equipo decanal- e alumnado son: o correo electrónico, pantallas de información, as reunións de coordinación e o Programa de Acción Titorial (PAT).

Máis alá do que atinxe a información pública relativa á Titulación e ao Centro, hai que sinalar que a Universidade de Vigo está moi presente en redes sociais (Facebook, Twiter, Instagram, LinkedIn), con gran actividade, publicando noticias de interese universitario, entre elas, cando corresponda, as que afecten á Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo e ao Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos. A situación da pandemia acontecida no curso 2019/2020 impediu estudar a a posible creación dun perfil do Título en redes sociais incluída como acción de mellora para o pasado curso.

Puntos febles detectados:

1.- Inexistencia do Título en redes sociais.

Accións de mellora a implantar:

1.- Continuar no camiño da revisión e actualización periódica e constante da páxina web.

2.- Estudar a posible creación dun perfil do Título en redes sociais.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)

R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública

QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación. Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:



Centro certificado
FIDES-AUDIT

A titulación impártese na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo que ten dende o 23 de xullo de 2015 (Certificado número 05/15) o Certificado de Implantación do SGIC dacordo coas directrices do Programa FIDES-AUDI, vixente ata xullo do ano 2021.

Polo tanto, o SGIC da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo é unha ferramenta estratéxica básica para acadar unha mellora continua das súas titulacións.

Previamente, no marco do Programa FIDES-AUDIT, dende o ano 2007 guiouse o Centro na súa labor de integración de todas as actividades relacionadas coa Garantía da Calidade das ensinanzas, en colaboración coa Área de Apoio á Docencia e a Calidade da Universidade de Vigo, deseñaron e aprobaron o SGIC. A Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo conseguiu a Certificación FIDES-AUDIT por parte da ACSUG o 26 de abril de 2010 (Certificado número 49/2010).

No Informe de auditoría externa destácase o alto compromiso do Centro coa Xestión da

Calidade e a mellora continua das ensinanzas e o axuste da documentación do SGC aos criterios e directrices do Programa FIDES-AUDIT.

Dentro das melloras levadas a cabo tamén destaca un proceso de reestructuración da páxina web do Centro. A web da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo engadiu unha pestana na páxina principal sobre calidade desde a que se pode acceder ao SGIC para ver todas as evidencias (Informe de Revisión do Sistema pola Dirección, Informes de seguimento das titulacións, Plans Anuais de Accións de Mellora, Informes de Coordinación, Informes Anuais do Plan de Acción Tutorial, ...).

Tamén noutra pestana atópanse totalmente visibles os Resultados de Medición coas Taxas Académicas dos pasados cursos académicos. Ademais, tamén se expuxeron todos os datos no taboleiro de anuncios que se atopa na entrada do Decanato en exposición pública e por último, atópase toda a información na web da área de Calidade da Universidade de Vigo.

O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar as debilidades e propoñer accións de mellora, realizando un seguimento das mesmas. Neste senso, os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e utilízalos na toma de decisións e a mellora da calidade do título desenvóléronse dacordo o establecido.

Neste compromiso de mellora da Calidade compre subliñar a labor desenvolvida pola Comisión de Calidade é pode comprobarse a súa actividade nas actas da Comisión de Calidade dispoñibles na páxina web da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo <http://fccxxt.webs.uvigo.es/es/calidad/comision-de-calidad>

Pódese considerar unha fortaleza a transparencia o mostrar na páxina web da Facultade – convertida en repositorio documental do SGIC- tódolos resultados do traballo da Comisión de Garantía da Calidade e do equipo directivo, e a forma coa que a Comisión de Calidade abordou todas as cuestións que afectan o PDI e o PAS que facilitan a consecución dos obxectivos da mellora continua da Calidade.

En definitiva, pódese afirmar que no Centro existe unha cultura de Calidade consolidada, baseada na preocupación continua pola mellora da calidade, feito que confirma o deseño do SGIC o Manual de Calidade e os Procedementos ligados o SGIC.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)

E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)

E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade

I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

De todos os datos que constan no Informe de Indicadores do SGIC relativos a este criterio, hai que salientar o seguinte:

En primeiro termo, e como xa fora dito ao fio da análise do criterio 1, atópase óptimo un grao de satisfacción do estudiantado coa actividade docente do profesorado (I04-DO), que no curso 2019/2020 acadou 3,90 puntos de un máximo de 5.

Debido á circunstancia excepcional provocada pola pandemia declarada pola OMS nos primeiros días do mes de marzo do 2020, os indicadores relativos á porcentaxe de participación do profesorado da Titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas (I6/I017(2)-PE) e a evolución da mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título) (I10) acadados no curso 2019/2020 non son representativos. De feito non existen tales resultados. O mesmo sucede coa porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas (I7/I017-PE), outros anos con resultados destacables, pero inexistentes para o curso 2019/2020.

A conformación da Titulación como Grao no ano 2009 procedendo dunha Diplomatura universitaria e dunha longa historia como Escola allea á Universidade, foi determinante na conformación actual da súa plantilla de profesorado, aínda que ano a ano á melloría na súa cualificación formal é sustancial. En todo caso, non hai que esquecer que o Centro non ten asignadas competencias para a contratación de profesorado, polo que a súa capacidade de actuación é limitada. En datos concretos, hai que salientar un incremento importante do número de doutores, en total, no curso 2019/2020, ascendeu a 40 o que supón un aumento moi considerable en relación coa mesma variable nos cursos anteriores (30 nos cursos 2019/2018 e 2018/2019 e 20 no curso 2016/2017), entre os que se atopan 4 Catedráticos de Universidade, 14 Titulares de Universidade, 8 Contratados Doutores, 4 Axudantes Doutores e 1 Titular de Escola Universitaria. Dos 40 doutores en total que imparten na Titulación, ademais, compre salientar que 5 deles son profesores asociados e, xa que logo, profesionais que compatibilizan a docencia e a investigación co exercicio dunha actividade profesional.

O total de asociados na Titulación (doutores e non doutores) ascende a 24, cifra que segundo os datos facilitados polo SGIC para elaborar este informe supón un 32 por 100 da plantilla total de docentes (táboa anexa 2). Sen deixar de recoñecer neles un importante valor engadido para complementar de forma práctica unha docencia máis teórica e aproximar aos estudantes á realidade profesional que se van atopar cando finalicen os seus estudos, esta cifra debe tentar reducirse de novo, pois houbo certo repunte en comparación con datos acadados no curso 2018/2019.

Máis alá da docencia, a labor de investigación dos seus docentes ofrece un resultado de 45 sexenios (I03-PE), o que supón un incremento do 50 por cento con respecto aos resultados acadados no curso 2018/2019 (30 sexenios), o que necesariamente vai repercutir –ou debería– na calidade da docencia.

Aínda que volve ser unha competencia totalmente allea ao Centro e aos responsables da Titulación, bótase en falta un incremento do número de investigadores en formación que asegure o matenemento da calidade da docencia no longo prazo, pois durante o curso 2019/2020 só consta un contratado FPU que xa existía no curso 2018/2019.

Puntos febles detectados:

- 1.- Cifra elevada de profesorado asociado.
- 2.- Carencia de persoal en formación.

Accións de mellora a implantar:

- 1.- Petición de máis profesorado estable.
- 2.- Petición de persoal en formación.

Evidencias nas que se baseou valoración:

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve
 E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)
 R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI
 I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas
 I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.
 I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución
 I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos
 I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)
 I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)
 I02-PE: Cualificación do PDI
 I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)
 I03(2)-PE: Profesorado por categoría

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado son os axeitados ás necesidades do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As infraestruturas das que dispón a Facultade, pese o amplo número de titulacións que se imparten no Centro, son máis que suficientes para o correcto desenvolvemento do Grao en RRLL e RRHH. A Facultade dispón dun número suficiente de aulas e seminarios para a impartición da docencia teórica –aulas- e práctica –aulas e seminarios-. Non obstante, por razóns da mellora da capacidade e distribución de estudantes, os tres primeiros cursos se imparten en horario de mañá e o último curso en horario de tarde. O Centro tamén dispón dunha Sala de Estudo-Biblioteca e un aula de informática. Os fondos bibliográficos da Sala de Estudo-Biblioteca se incrementan todos os anos. Máis alá do orzamento da propia UVigo, bastante escaso, gran parte do recursos seguen a provenir maioritariamente do Decanato, que gracias ao aforro noutras partidas facilita a todas as áreas a adquisición de fondos de docencia e de investigación. De feito, un dos ítems mellor valorados de todos os existentes e dos que se dispoñe de resultados no curso 2019/2020 son os dos “recursos materiais e servizos”, tanto polo alumnado como polas persoas tituladas (II.1.3 Resultados (desagregados) das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais).

O profesorado e o alumnado, ademais, teñen a súa disposición a plataforma de teledocencia FAITIC da UVigo –aínda que xa comeza a utilizarse MOOVI- que permite intercambios virtuais de toda clase de materiais didácticos, e que tras moitos anos de utilización casi unánime por todos os interesados, conforma a día de hoxe un instrumento fundamental e imprescindible para o desenvolvemento da docencia. Non obstante, no curso 2019/2020 dita plataforma viuse completada pola habilitación do Campus Remoto da UVigo (www.campusremotouvigo.gal) que durante o confinamento permitiu a continuación do desenvolvemento da docencia, incluso a avaliación de coñecementos. A adaptación do profesorado e do alumnado ás infinitas utilidades desta ferramenta virtual foi inmediata.

Todos os cursos académicos –tamén no 2019/2020, aínda que coas limitacións derivadas da situación da pandemia provocada

pola COVID-19- teñen lugar varias xornadas de orientación académica dirixidas aos estudantes. Entre outras, poden destacarse as seguintes: Xornada de Acolida aos de primeiro curso e Xornada de Sidas Profesionais para os que están a rematar os seus estudos, esta última moi valorada por aqueles. Por outra banda, e no que atinxe ao Plan de Acción Tutorial (PAT), durante o curso 2019/2020, ao igual que nos anteriores, desenvolveuse con normalidade, se cadra, desta volta con máis sentido que calquera outro ano, pois a través da súa canle foron transmitidas algúns dos problemas acaecidos durante o curso, entre outros, os de conectividade para poder continuar a docencia on line.

Por último, hai que salientar que o estudiantado do Grao en RRLL e RRHH ten a súa disposición un listado completo das empresas e entidades nas que poden facer prácticas curriculares e extracurriculares. No informe do SGIC consta, ademais, o grao de satisfacción do alumnado coas mesmas acadando un resultado óptimo, en concreto, 2,80 para a titulación vella e 3,33 para a titulación nova (I08-D0)

Puntos febles detectados:

1.- Brecha dixital no alumnado constatada durante o confinamento.

Accións de mellora a implantar:

1.- Iniciar accións e medidas pertinentes, incluída a petición aos órganos competentes da UVigo, para solventar os problemas da brecha dixital no alumnado.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título
 E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acolida-PAT
 E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e Extracurriculares.
 E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título
 E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia
 E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos
 I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas
 I11: Nº de alumnado por centro de prácticas.
 I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No que atinxe a resultados tanxibles acadados nas enquisas de satisfacción dos diferentes grupos de interese e que constan no SGIC, hai que destacar os seguintes:

Grao de satisfacción –xeral- das persoas tituladas (I04-MC): 3,40 (no curso 2018/2019 fora de 2,95)

Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento do ensino (I07-DO): 2,86 para a titulación vella e 3,45 para a titulación nova (no curso 2018/2019 fora de 2,51).

Grao de satisfacción –xeral- do estudiantado (I02-MC): 3,80 (no curso 2018/2019 fora de 3.92).

Grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado (I04-DO): 3,60 (no curso 2018/2019 fora de 3.92)

Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento do ensino (I06-DO): non hai datos porque é bianual.

Grao de satisfacción dos empregadores (I06-DO): 3,5 (no curso 2018/2019 non constaban resultados).

Facendo unha análise de todos estes resultados en comparación cos acadados en cursos anteriores, compróbase que se sigue na senda da positividade, incluso, na maioría dos supostos con tendencia alcista, pese a toda a situación acontecida no curso que se está a avaliar como consecuencia da pandemia.

En canto a resultados de aprendizaxe, e aínda que a maior parte deles son analizados no criterio 7, cómpre incidir en algún deles, en concreto, nos seguintes:

A taxa de éxito (I015-DO) da Titulación é moi satisfactoria, pois chega ao 92 %, incrementando polo tanto, 8 puntos a acadada o durante o curso 2017/2018 (84%).

As taxas de rendemento, abandono e graduación da Titulación serán analizadas no criterio seguinte, tal e como se aconsella no propio documento de elaboración. O que non é preciso é facer unha análise das mesmas taxas en todas e cada unha das materias do Plano de Estudos, pois en ningunha delas se atopa un resultado que altere unha valoración global positiva.

Pola contra, cómpre aquí reparar nun dato non demasiado satisfactorio, que é a duración media dos estudos (I010-DO) que sen ser demasiado elevada, volveuse incrementar por outro ano consecutivo pois no curso 2019/2010 é de 5,63. No curso 2017/2018 fora de 5,22 anos e no curso 2018/2019 fora de 5,44. Tendo en conta a importancia de taxa, en canto indicador fundamental para valorar os resultados académicos dunha Titulación, hai que procurar rachar con esta tendencia alcista e na medida do posible, reducir o valor.

Puntos febles detectados:

1.- Duración media dos estudos.

Accións de mellora a implantar:

1.- Analizar as razóns pola que se incrementou a duración media dos estudos e adoptar medidas para reducir esta taxa.

Evidencias nas que se se baseou a valoración:

E4: Guías docentes das materias

E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título,titor e cualificación)

E25/: Informes de cualificación por materia

EA11: Informes de prácticas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análises xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción

I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACIÓN E RENDEMENTO

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se Os resultados adecúanse ás previsións e características do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As taxas de rendemento, eficiencia e éxito dos estudantes da Titulación continúan a senda positiva dos cursos anteriores. Para o curso 201/2020, os resultados son os seguintes:

- Taxa de rendemento (I011-DO): 78% (no curso 2018/2019 fora de 68%)
- Taxa de eficiencia (I013-DO): 82% (no curso 2018/2019 fora de 84%)
- Taxa de éxito (I015-DO): 92% (no curso 2018/2019 fora de 84%)

Aínda que de forma aillada todas estas taxas xa son positivas, a de rendemento e a de éxito, ademais, cumpren sobradamente as respectivas metas de calidade asociadas a elas. No caso da taxa de rendemento, a súa meta de calidade é de 66%. E para a taxa de éxito é de 80%. No caso da eficiencia, non a cumpre, pero por escasos 3 puntos. En concreto, a meta de calidade asociada é de 85. No último curso no que constaban estas metas de calidade, o curso 2017/2018, tamén se cumpriron.

Como xa foi adiantado na análise do criterio anterior, e tendo en conta este datos – taxas de rendemento, eficiencia e éxito da Titulación-, non é preciso facer unha análise de todas e cada unha das respectivas materias, pois en ningunha delas se atopa un resultado que altere unha valoración global positiva.

A taxa de abandono acadada no curso 2019/2020 (I012-DO), que é de 18,75%, aínda que mellorable, tamén debe ser valorada positivamente, pois representa unha redución moi significativa da acadada no curso pasado, o 2018/2019, que foi dun 24,18 %. Por outra parte, a actual taxa de abandono cumpre coa meta de calidade asociada que é $\leq 20\%$. Con todo, non hai que esquecer que outros anos as taxas de abandono foron inferiores polo que compre insistir na súa redución.

Como taxa menos positiva, aínda que sen resultar negativa, resultar obrigado referir aquí a taxa de graduación (I014-DO) que é de 30,12%, pois se consta un importante descenso en comparación coa obtida no curso 2018/2019 que fora de 38,27% e ademais non alcanza a meta de calidade asociada a mesma que é de $\geq 40\%$. Dende logo, nos vindeiros cursos hai que tentar incrementar esta taxa.

Puntos febles detectados:

1.- Taxa de graduación

Accións de mellora a implantar:

1.- Incrementar a taxa de graduación

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

Indicadores:

I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico

I12: Evolución dos indicadores de resultados

☐ Tasa de gradación

☐ Tasa de abandono

☐ Tasa de eficiencia

☐ Tasa de rendemento

☐ Tasa de éxito

☐ Tasa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)

I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso

I14/I016-DO: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego

I010-DO: Duración media dos estudos

Seguimento da titulación: Mestrado en avogacía

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO

Estándar: O programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado.

Reflexión/comentarios que Xustifiquen a valoración:

O título de Máster universitario en Avogacía da Universidade de Vigo impártese en dúas Facultades (Dereito de Ourense e Ciencias Xurídicas e do Traballo de Vigo) e en colaboración con tres Colexios Profesionais de Avogados (de Ourense, Pontevedra e Vigo), o que xustifica que, respectándose en todo caso escrupulosamente o disposto na memoria de verificación, exista unha planificación docente, unhas guías docentes, uns coordinadores e un profesorado non idéntico en ambos centros.

A definición dos módulos e materias que compoñen os plans de estudos do Máster son coherentes cos obxectivos e as competencias dos títulos e se corresponden co establecido na memoria de verificación. Mediante o acceso ás guías docentes das materias pode comprobarse que o desenvolvemento das actividades académicas, as metodoloxías docentes e o sistema de avaliación e cualificación se corresponde co establecido na memoria.

As guías docentes seguen un modelo estandarizado, son elaboradas polo coordinador de cada materia a través da aplicación Docnet, apróbanse cada curso académico pola Xunta de Facultade de cada Centro e publícanse con antelación á apertura do período de matrícula para que as persoas interesadas poidan ter coñecemento delas con tempo suficiente. Cada materia conta cunha persoa coordinadora coa función de, basicamente, uniformar metodoloxías docentes e criterios de avaliación entre o distinto profesorado que participa na materia correspondente.

Tamén se publican a través da páxina web os horarios de clase e o calendario de exames coa debida antelación, antes da apertura do período de matrícula. Do mesmo xeito, o alumnado ten a súa disposición o cronograma de actividades correspondentes a cada unha das materias onde se recollen a organización dos contidos ao longo do cuadrimestre así como as probas, presentacións, entrega de traballos, etc, o que facilita ao estudante a planificación do seu traballo autónomo.

Un instrumento importante para o correcto funcionamento do Máster é o Plan de Acción Titorial (PAT) configurado como un mecanismo que permite ofrecer ó estudantado apoio académico e profesional. Ademais, permite detectar problemas no desenvolvemento e planificación da ensinanza e facilita a coordinación docente.

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición

Se observamos a evolución do estudantado matriculado no curso académico 2019/2020 (52 estudantes) podemos comprobar que se produce un notable repunte no número de matriculados respecto do curso 2018-2019 (43 estudantes). Con este incremento acércase ao número de matriculados no curso 2017-2018 (55 matriculados).

En canto ao perfil de ingreso do alumnado, cumpre sinalar que todos deben ser necesariamente titulados en Dereito. No curso 2019-2020 contouse con 1 estudante co título de licenciado, 2 ingresaron por homologación ou validación de estudos estranxeiros sendo os restantes graduados na devandita disciplina.

I01-AC: Nota media de acceso

A nota media de acceso situouse no curso 2019-2020 nun 6,83 o que supón unha leve variación (0,25) respecto a nota media de acceso no curso previo (7,08).

I01(2)-AC: Nota mínima de acceso

Non se conta con datos relativos a nota mínima de acceso do estudantado no curso 2019-2020 polo que non pode ser obxecto de seguimento

I03-AC: Preferencia (= %entre preinscrición en 1ª opción, demanda e prazas ofertadas)

O porcentaxe fixado como obxectivo de calidade do centro é $\geq 95\%$ pero, ao igual que nos cursos anteriores, non se dispoñen de datos polo que non pode ser obxecto de seguimento.

I03(2)-AC: Adecuación (= % entre matrícula de novo ingreso por preinscripción en 1ª opción e matrícula total de preinscripción)

A porcentaxe de adecuación dos estudos de procedencia ao título é $\geq 90\%$ pero, ao igual que nos cursos precedentes, tampouco dispoñemos de datos polo que non pode ser obxecto de seguimento.

I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)

Ao igual que nos cursos previos, non hai datos ao respecto. É convinte sinalar que o carácter profesionalizando do Máster en Avogacía a súa estrutura, duración (tres cuatrimestres) e materias que se cursan no mesmo fai complicada a mobilidade do estudiantado.

I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros

Ao igual que nos anos precedentes non se dispoñen de datos.

I02-AC: Ocupación

Sobre a ocupación, no ano 2019/2020 acada o 80% fronte ao 66,15% do curso 2018-2019 acercándose, polo tanto, ao 84,62% do ano 2017-2018.

I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.

Coa organización e desenvolvemento do ensino as metas estratéxicas son 3,5 sobre 5 puntos para profesorado; 3,5 sobre 5 para o alumnado e 3 sobre 5 en relación aso titulados.

Grao de satisfacción do estudiantado coa planificación e desenvolvemento do ensino

Este ano non dispoñemos de datos. Con todo, cómpre sinalar que conforme os datos correspondentes ao curso 2018-2019 (3,20) e 2017-2018 (2,83) a tendencia era ascendente.

Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento do ensino

Non hai datos, porque esta enquisa ten carácter bianual.

Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento do ensino

Compre sinalar que se sitúa en 2,42 (Campus de Pontevedra) e en 2 (Campus de Vigo).

Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas

Cumpre sinalar que este curso (2019-2020) é o primeiro do que dispoñemos datos respecto ao grao de satisfacción coas prácticas externas e son satisfactorios tanto os relativos ao Campus de Vigo (3,13), como ao Campus de Pontevedra (3,85).

CONCLUSIÓN

É complicado raelizar unha valoración final dos resultados relativos aos items comprendidos dentro deste critrio I tendo en conta que hai moitos datos dos que non dispoñemos. Con todo, en liñas xerais os indicadores foron mellorando respecto ao ano 2018/2019, salvo algún aspecto que, claramente, non acada os niveis de calidade requiridos, e que recollemos a continuación.

Puntos débiles detectados:

- Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento do ensino
Sítuase en 2,42 (Campus de Pontevedra) e 2 (Campus de Vigo).

Accións de mellora a implantar:

- Detectar as deficiencias da planificación e do desenvolvemento do ensino a través de preguntas directas sobre esta cuestión nas reunións do alumnado cos titores do PAT. Este é un paso previo e imprescindible para, posteriormente, arbitrar as solucións correspondentes.

Evidencias nas que basea a valoración:

E1: Memoria vixente do título

E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora

E3: Perfil de ingreso do alumnado(grao)
 E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)
 E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade
 E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).
 QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

Indicadores nos que se basea a valoración:

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición
 I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia
 I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)
 I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros
 I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.
 I01-AC: Nota media de acceso
 I01(2)-AC: Nota mínima de acceso
 I02-AC: Ocupación
 I03-AC: Preferencia
 I03(2)-AC: Adecuación

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Toda a información esencial referida ao Título (Denominación, Universidade Coordinadora, Centro de adscrición, Centros onde se imparte o título, número de créditos e duración do título, tipo de ensino, número de prazas de novo ingreso que se ofertan, idiomas en que se imparte o título, condicións de acceso e admisión, competencias, metodoloxía docente, procedementos de acollida e orientación dos estudantes, docencia, profesorado, normativas, prácticas externas, etc.) atópase publicada e está accesible na páxina web tanto do Máster en (Avogacía-Vigo <http://abogaciavigo.webs.uvigo.es/es/>) como do Máster en Avogacía-(Pontevedra <http://avogaciapontevedra.webs.uvigo.es/gl/>).

A xestión das páxinas web faise consonte cun Plan de información pública, que ten como obxectivo garantir que a información relevante do Máster universitario en avogacía estea dispoñible de forma pública, accesible e actualizada para los distintos grupos de interese y que cumpra cos requisitos establecidos tanto polo propio centro, como polos programas de calidade da Universidade de Vigo e da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG). En concreto, proporcionase información ao estudante, antes de elixir os estudos a cursar e, tamén, cando xa se matriculou no Máster. Tamén se busca a máxima transparencia e mellorar a accesibilidade dos distintos grupos de interese á información sobre o Máster.

É necesario destacar que a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, da que depende o título, posúe unha páxina web totalmente actualizada con ligazóns as web do Máster.

Asimesmo, salientar que a plataforma virtual FAITIC –de acceso restrinxido- conforma a canle habitual de comunicación entre o profesorado e o estudantado, ademais de ser un espazo no que se poñen a disposición destes últimos material para o estudo, normativa, exercizos e calquera outra información que se estime de interese para un curso determinado. A través desta ferramenta informática tamén é posible prantexar ao alumnado cuestionarios de autoavaliación moi útiles para comprobar en primeira persoa os resultados do seu estudo.

Ademais da web e a ferramenta virtual FAITIC, outros canais de comunicación existentes entre o persoal do centro – docentes e

equipo decanal- e alumnado son: o correo electrónico, pantallas de información, as reunións de coordinación e o Programa de Acción Titorial (PAT).

Máis alá do que atinxe a información pública relativa á Titulación e ao Centro, hai que sinalar que a Universidade de Vigo está moi presente en redes sociais (Facebook, Twiter, Instagram, LinkedIn), con gran actividade, publicando noticias de interese universitario, entre elas, cando corresponda, as que afecten á Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo e ao Grao en Dereito.

Por outra parte, dada a circunstancia excepcional da pandemia, duplicouse a facultade virtualmente cun espazo para aulas, conferencias, titorías e despachos virtuais (www.campusremotouvigo.gal, e <https://campusremotouvigo.gal/faculty/308>)

CONCLUSIÓN: En liñas xerais, a información e a transparencia é a axeitada.

Puntos febles detectados:

- Acceso a algúns recursos Web, como o Campus online e os despachos virtuais.

Accións de mellora a implantar:

- Crear acceso directos dende as webs das facultades ao campus online e aos despachos virtuais.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)

R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública

QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:



Centro certificado
FIDES-AUDIT

A titulación impártese na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo que ten dende o 23 de xullo de 2015 (Certificado número 05/15) o Certificado de Implantación do SGIC daccordo coas directrices do Programa FIDES-AUDI, vixente ata xullo do ano 2021.

Polo tanto, o SGIC da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo é unha ferramenta estratéxica básica para acadar unha mellora continua das súas titulacións.

Previamente, no marco do Programa FIDES-AUDIT, dende o ano 2007 guiouse o Centro na súa labor de integración de todas as actividades relacionadas coa Garantía da Calidade das ensinanzas, en colaboración coa Área de Apoio á Docencia e a Calidade da Universidade de Vigo, deseñaron e aprobaron o SGIC. A Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo conseguiu a Certificación FIDES-AUDIT por parte da ACSUG o 26 de abril de 2010 (Certificado número 49/2010).

No Informe de auditoría externa destácase o alto compromiso do Centro coa Xestión da Calidade e a mellora continua das ensinanzas e o axuste da documentación do SGIC aos criterios e directrices do Programa FIDES-AUDIT.

Dentro das melloras levadas a cabo tamén destaca un proceso de reestructuración da páxina web do Centro. A web da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo engadiu unha pestana na páxina principal sobre calidade desde a que se pode acceder ao SGIC para ver todas as evidencias (Informe de Revisión do Sistema pola Dirección, Informes de seguimento das titulacións, Plans Anuais de Accións de Mellora, Informes de Coordinación, Informes Anuais do Plan de Acción Titorial, ...).

<p>Tamén noutra pestana atópanse totalmente visibles os Resultados de Medición coas Taxas Académicas dos pasados cursos académicos. Ademais, tamén se expuxeron todos os datos no taboleiro de anuncios que se atopa na entrada do Decanato en exposición pública e por último, atópase toda a información na web da área de Calidade da Universidade de Vigo.</p> <p>O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar as debilidades e propoñer accións de mellora, realizando un seguimento das mesmas. Neste senso, os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e utilízaos na toma de decisións e a mellora da calidade do título desenvólense dacordo o establecido.</p> <p>Neste compromiso de mellora da Calidade compre subliñar a labor desenvolvida pola Comisión de Calidade é pode comprobarse a súa actividade nas actas da Comisión de Calidade dispoñibles na páxina web da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo http://fccxxt.webs.uvigo.es/es/calidad/comision-de-calidad</p> <p>Pódese considerar unha fortaleza a transparencia o mostrar na páxina web da Facultade – convertida en repositorio documental do SGIC- tódolos resultados do traballo da Comisión de Garantía da Calidade e do equipo directivo, e a forma coa que a Comisión de Calidade abordou todas as cuestións que afectan o PDI e o PAS que facilitan a consecución dos obxectivos da mellora continua da Calidade.</p> <p>En definitiva, pódese afirmar que no Centro existe unha cultura de Calidade consolidada, baseada na preocupación continua pola mellora da calidade, feito que confirma o deseño do SGIC o Manual de Calidade e os Procedementos ligados o SGIC.</p>	
<p>Puntos febles detectados:</p> <ul style="list-style-type: none"> • 	<p>Accións de mellora a implantar:</p> <ul style="list-style-type: none"> •
<p>Evidencias nas que se baseou a valoración:</p> <p>E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/<u>Comisión de Garantía de Calidade</u></p> <p>E10: Documentación do SGC (Política, obxectivos de calidade, manual e procedementos)</p> <p>E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)</p> <p>E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC</p> <p>EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)</p>	
<p>Indicadores nos que se baseou a valoración:</p> <p>I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade</p> <p>I5: <u>Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro</u></p>	

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI

-Grao satisfacción estudiantado:

Non hai datos relativos ao curso 2019-2020 pero cabe facer mención a traxectoria ascendente que experimentou o grao de satisfacción do estudiantado coa titulación nos cursos previsto. Así, no curso 2017-2018 foi de 3,05 (Campus de Pontevedra) e 2,93 (Campus de Vigo) e no cursos 2018-2019 foi de 3,03 (Campus de Pontevedra) e 3,4 (Campus de Vigo) encontrándose dentro dos estándares da meta de calidade ($\geq 3/5$) prevista.

-Grao satisfacción profesorado

Non existen datos do grao de satisfacción do profesorado por ser bianuais, aínda que entendemos que se debe mudar a pauta para convertilo en anual.

-Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento do ensino

Non existen datos do grao de satisfacción do profesorado por ser bianuais, aínda que entendemos que se debe mudar a pauta para convertilo en anual.

-Grao satisfacción persoas tituladas

O grao de satisfacción das persoas tituladas é mellorable xa que foi de 2,63 no campus de Pontevedra e de 2,67 no de Vigo experimentando, respecto do curso anterior, unha baixada en Pontevedra e, sen embargo, un lixeiro incremento en Vigo achegándose a meta de calidade prevista.

-Grao satisfacción empregadores

Resulta chamativo fronte os datos expostos no apartado anterior, o alto grao de satisfacción dos empregadores sendo no campus de Pontevedra de 4,78 e no de Vigo 3,33.

-Grao de satisfacción do estudiantado coa planificación e desenvolvemento do ensino

Neste parámetro non hai datos respecto ao curso 2019-2020 sendo satisfactorios os últimos rexistrados (3,20) correspondendo ao curso 2018-19.

-Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento do ensino

Mantense en valores semellantes aos do curso 2018-2019 e, polo tanto, mellorables xa que se sitúan en 2,45 e 2 no campus de Pontevedra e Vigo respectivamente.

-Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas

Alcanzouse neste punto a cifra de 3,85 no campus de Pontevedra e de 3,13 no campus de Vigo. Aunque non se pode facer a comparación con valores doutros anos por carecer de datos, consideramos que o grao de satisfacción é óptimo.

I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas

É salientable o progresivo aumento o número de docentes do Máster que participa en programas de formación: 12 no curso 2019-2020, fronte os 10 no 2018-2019 e 6 no curso 2017-2018

I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.

Os datos revelan que se experimentou un descenso na porcentaxe de participación do PAS en plan de formación xa que se pasou

dun 68,48 no curso 2018-2019 a un 41,07. Xa que logo, ester valor se aafasta da meta fixada pola area de calidade do centro. Non descartamos que o cambio de circunstancias no desenvolvemento do traballo derivado da situación pandémica excepcional vivida durante o curso obxecto de seguimento fose a causa de este descenso polo que non se van a realizar propostas de mellora neste senso. Con todo, é necesario poñer novamente de manifesto a carencia absoluta de apoio administrativo da que adolece o Máster recaendo todas actividades de carácter burocrático na coordinadora e no secretario do mesmo.

I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución

-Participación do alumnado nas enquisas de avaliación do profesorado (Enquisas de avaliación docente)

Apréciase unha diferenza importante de participación entre o alumnado do campus de Pontevedra: 48,94% e o alumnado do campus de Vigo: 18,12%.

-Grao de satisfacción do estudiantado coa actividade docente do profesorado (Enquisas de avaliación docente)

É salientable que continúa a tendencia a alza no grao de satisfacción do estudiantado coa actividade docente do profesorado. Así no curso 2017-2018 foi de 3,36, pasando a ser de 3,92 no ano 2018-2019 e acadando no curso 2019-2020 o 4,1 en Pontevedra e o 4,03 en Vigo.

I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos

Alcanzouse 4,35%, no quinquenio avaliado 2012-2017.

I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)

Na serie dos últimos anos movéronse entre 7 e 9 docentes carecendo de datos no curso 2019-2020

I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

Non hai datos para o curso 2019-2020.

I02-PE: Cualificación do PDI

Consonte a información do POD correspondente ao curso 2019/2020 o Máster en Avogacía contou, no campus de Vigo, cun total de 41 profesores dos cales 21 son profesores da Universidade de Vigo (todos doutores excepto tres profesores asociados) e 20 son profesorado externo (avogados). No campus de Pontevedra imparten docencia un total de 40 docentes dos cales 19 son PDI da Universidade (todos doutores menos tres profesores asociados) e 21 son profesores externos. Polo que se refire ao campus de Vigo imparten docencia un total de 41 profesores dos cales 20 son profesionais externos á Universidade e 21 son PDI (todos doutores menos tres profesores asociados). Hai que ter en conta que, conforme o indicado no artigo 4.3 da Lei de acceso en relación co artigo 13 do seu regulamento de desenvolvemento e coa cláusula terceira de sendos Convenios entre a Universidade de Vigo e o ICA de Vigo e a Univesidade de Vigo e do ICA de Pontevedra, o persoal docente do Máster deberá ter unha composición equilibrada entre avogados e profesores universitarios, de forma que en conxunto ningún destes colectivos supere o 50% da docencia correspondente ao curso de formación.

I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)

Conforme os datos facilitados dende a área de calidade hai un total de 36 sexenios (30 no curso 2018-2019). Son datos altamente satisfactorios sobre todo tendo en conta que máis do 50% dos docentes que participan no Máster son profesorado externo (avogados) aos que nos se lles recoñecen sexenios de investigación.

I03(2)-PE: Profesorado por categoría

No Máster en Avogacía nos campus de Vigo e Pontevedra además do profesorado avogado provinte dos respetivos Ilustres Colexios de Avogados, imparten docencia: 3 CU, 6TU, 1TUE, 12CD, 1 AXD e 4 ASO.

CONCLUSIÓN

En liñas xerais os indicadores melloraron respecto a anos anteriores. Con todo, resulta moi chamativo que mentras que o grao de satisfacción das persoas tituladas é preciso melloralo, o grao de satisfacción dos estudantes e dos empregadores é moi positivo. En todo caso, será necesario conseguir o incremento da participación nas enquisas de satisfacción co fin de obter unhos valores máis representativos.

<p>Puntos febles detectados:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Baixa participación do alumnado nas enquisas de satisfacción - Carencia de persoal de apoio administrativo para o Máster 	<p>Accións de mellora a implantar:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Mellorar a información da Facultade sobre as enquisas de avaliación (xornadas, cursos, etc). - Reiterar a solicitude de apoio administrativo para a xestión diaria do Máster.
<p>Evidencias nas que se baseou valoración:</p> <p>E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve</p> <p>E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)</p> <p>R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)</p>	
<p>Indicadores nos que se baseou a valoración:</p> <p>I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente <u>resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI</u></p> <p>I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas</p> <p>I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.</p> <p>I8: Resultados das <u>enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución</u></p> <p>I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos</p> <p>I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)</p> <p>I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)</p> <p>I02-PE: Cualificación do PDI</p> <p>I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)</p> <p>I03(2)-PE: Profesorado por categoría</p>	

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado son os axeitados ás necesidades do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A docencia do Máster en Avogacía-Vigo impartíuse durante o primeiro cuatrimestre do curso 2019/2020 na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo e no Ilustre Colexio de Avogados de Vigo no segundo cuatrimestre as clases tiveron que celebrarse, por mor da pandemia orixinada pola COVID-19, fundamentalmente on line a través do campus remoto da UVigo. Os estudantes repartíronse en dous grupos de casi 20 alumnos cada un. Polo que se refire ao Máster en Avogacía-Pontevedra as clases desenvolvéronse durante o primeiro cuatrimestre na sede do Colexio de Avogados e durante o segundo cuatrimestre as clases celebraron, polas razóns expostas, fundamentalmente on line a través do campus remoto da UVigo. Neste caso houbo un único grupo conformado por 12 estudantes.

Todos estes Centros están equipados con ordenador, canón e retroproxeutor e postos de toma de luz para cada alumno. Ademais conta con bibliotecas e salas de lectura, conexión a internet inalámbrica, sala de informática de libre acceso, consulta de bases de datos e servizo de reprografía. Para as titorías os docentes contan con despachos habilitados para ese efecto tanto físicos como virtuales. Este curso foi de especial utilidade, tanto para estudantes como docentes, a plataforma de teledocencia FAITIC que facilita e axústase perfectamente á dinámica de traballo do Máster.

É necesario salientar que as aulas, os espazos dedicados ao traballo autónomo (salas de informática, biblioteca, etc) e a

plataforma de teledocencia foron algúns dos ítems mellor valorados polo alumnado do título.

A Xornada de acollida que se celebra todos os cursos dende a implantación do título, tivo lugar o 17 de setembro de 2019. Estivo publicitada na páxina web do Máster desde o mes de xuño. Nesta xornada informouse ao alumnado sobre o funcionamento do Máster, o profesorado, as materias, a organización, as infraestruturas e instalacións coas que se conta para o desenvolvemento do título. Recordamos aos estudantes que a Universidade de Vigo dispón de Servizo de Información, Orientación e Promoción do Estudiante. Asimesmo, aproveitamos a celebración desta primeira xuntanza para informarles que contan con outros servizos que facilitan o apoio e orientación do alumnado unha vez matriculados: (i) Gabinete Psicopedagóxico para orientarles e asistirlles tanto en cuestións académicas como noutras de índole persoal, (ii) Programa de Apoio á Integración do Alumnado con Necesidades Especiais.

No marco do sistema de apoio previsto para os estudantes unha vez matriculados está o Plan de Acción Titorial a través do cal o alumnado pode pór de manifesto ao seu respectivo titor/a as dúbidas, inquietudes ou aspectos mellorables na organización e coordinación do Máster.

No curso 2019/2020 realizáronse tanto no Máster en Avogacía-Vigo como en Avogacía-Pontevedra catro reunións colectivas de forma presencial no primeiro cuatrimestre e a través do correo electrónico durante o segundo cuatrimestre. Aínda que tamén se poden concertar tantas reunións individuais como sexan necesarias co/a titor/a, un ano máisponse de manifesto que as reunións grupais son máis efectivas que as individuais xa que estas últimas apenas foron solicitadas polo alumnado

Observando os índices a ter en conta neste punto sinalaremos o que deseguido se recolle:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos

-Grao satisfacción PAS

Non hai datos ao respecto, considerándose necesario.

-Grao satisfacción profesorado

Non existen datos do grao de satisfacción do profesorado por ser bianuais, aínda que entendemos que se debe mudar a pauta para convertilo en anual.

-Grao satisfacción empregadores

Non hai datos e enténdese importante a existencia destes parámetros.

-Grao satisfacción estudantado

Non hai datos.

- Grao de satisfacción das persoas tituladas

Para as persoas tituladas no Máster en Avogacía este é un dos ítems mellor valorados.

I08-DO: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas

Polo que se refire as materias de prácticas que se imparten no Máster hai que distinguir entre a materia de Prácticas Externas Básicas (6 ECTS) impartida no segundo cuatrimestre do primeiro curso, e a materia de Prácticas Externas (24 ECTS) desenvolvida no primeiro cuatrimestre do segundo curso. Tanto no Máster en Avogacía-Vigo como no de Avogacía-Pontevedra as prácticas externas básicas realizáronse, como en cursos anteriores, en diversas institucións (Concello, Deputación, Fiscalía, etc.) as que acude o alumnado organizado por quendas en pequenos grupos de 5 ou 6 membros. Estas prácticas lles permite coñecer e participar na realización dos labores de carácter xurídico que diariamente se desenvolven nas devanditas institucións. Con todo, no curso 2019-2020 estas prácticas non poideron realizarse nas citadas institucións debido as limitacións derivadas da pandemia polo que os coordinadores profesionais tiveron que sustituilas fundamentalmente por seminarios de carácter práctico realizados a través do campus remoto da Universidade de Vigo.

Polo que se refire as prácticas externas do segundo curso, realízanse integramente en despachos de avogados ou asesorías xurídicas de empresas previa formalización dun convenio de prácticas no marco do Convenio de colaboración académica entre a Universidade de Vigo e os Ilustres Colexios de Avogados de Vigo e Pontevedra http://abogaciavigo.webs.uvigo.es/images/docs/informacion/normativa/convenio_icav_uvigo.pdf;

http://avogaciapontevedra.webs.uvigo.es/images/docs/informacion/normativa/convenio_icap_uvigo.pdf. En cada despacho acollen normalmente so a un estudante. Aínda que non se dispoñen datos oficiais relativos ao grao de satisfacción do alumnado coas prácticas, pódese deducir das memorias de prácticas elaboradas por os propios estudantes no curso 2018/2019 que, en xeral, a valoración é positiva ou moi positiva. De feito, a maioría dos estudantes suxiren a ampliación do número de créditos de prácticas ofertadas no título.

A pesar das dificultades expostas o grao de satisfacción amosado polo alumnado é óptimo xa que dacordo con datos facilitados

pola área de calidade foi de 3,85 no campus de Vigo e de 3,13 no campus de Pontevedra. Polo que se refire as materias

I11: Nº de alumnado por centro de prácticas.

Constan 73 estudantes de prácticas curriculares e 7 de extracurriculares no ano 2019/2020.

I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

Non hai datos para o curso 2019-2020.

Puntos febles detectados:

- Inexistencia de enquisas sobre o grao de satisfacción sobre os recursos materiais e servizos por parte do PAS, profesorado, empregadores e estudiantado.

Accións de mellora a implantar:

- Realizar enquisas sobre o grao de satisfacción sobre os recursos a tódolos grupos de interese.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título

E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT

E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e Extracurriculares.

E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título

E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia

E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos

I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas

I11: Nº de alumnado por centro de prácticas.

I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análises xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción

Facendo unha análise xeral dos resultados polos distintos grupos de interese, diferenciaremos entre estudiantado, estudiantado-titulado, profesorado:

Estudiantado

En relación ao grao de satisfacción do estudiantado coa titulación, no curso 2019/2020 non hai datos. Con todo, consideramos necesario recordar que a meta de calidade asociada a este ítem é $\geq 3/5$, os datos dos dos que dispoñemos relativos aos cursos previos evidencian una traxectoria de evolución positiva no grao de satisfacción dos estudantes co título xa que no Máster en avogacía-Vigo o grao de satisfacción ascende dunha puntuación media de 2,8 no curso 2017/2018, ata acadar unha puntuación de 3,4 no curso 2018/2019. No Máster en avogacía-Pontevedra mantense no curso 2018/2019 a mesma puntuación (3) que no curso 2017/2018.

Estudantado-titulado

Resulta sorprendente o descenso no grao de satisfacción manifestado polos egresados no campus de Pontevedra que pasa dun 3,6 a un 2,63 mentras que no campus de Vigo prodúcese pequeno repunte xa que fronte ao 2,5 obtido no curso 2018-2019, no curso 2019-2020 acádase un 2,67. Son claramente resultados moi axustados á meta de calidade asociada aos obxectivos de calidade do Centro ($\geq 3/5$).

Profesorado

Non existen datos do grao de satisfacción do profesorado por ser bianuais, aínda que entendemos que se debe mudar a pauta para convertilo en anual.

Empregadores

É salientable o grao de satisfacción amosado polos empregadores tanto no campus de Pontevedra (4,7) como no campus de Vigo (3,3). Non se poden confrontar co grao de satisfacción dos cursos previos porque carecemos de datos ao respecto.

I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

En relación aos resultados de aprendizaxe non podemos valorar a inserción dos alumnos en tanto os datos que manexamos máis recentes son de 2015 (pódese consultar na páxina web:

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/69/21>

É salientable que a taxa de éxito global do curso é do 100%. Si descendemos ao exame do panel de indicadores por materia, pódese comprobar como a taxa de éxito é do 100%, e a de rendemento e avaliación (oscila entre o 96% e o 100% en tódalas materias da titulación. Estes resultados sitúanse por encima da meta de calidade asociada aos obxectivos de calidade do Centro. Así mesmo, no informe de cualificacións por materia ponse de manifesto que o nivel acadado polo alumnado en cada unha das 13 materias que integran o título é alto (notable e sobresaliente) é uniforme. Houbo un suspenso en Práctica Extraxudicial e dous non presentados en tódalas materias excepto en Prácticas Externas Básicas nas que o número de non presentados foi de tres.

Conclusión: Resulta chamativo o descenso no grao de satisfacción dos egresados co resultados de aprendizaxe cando, por outra, banda, estes resultados son valorados moi positivamente polos empregadores.

Puntos febles detectados:

- Baixo grao de satisfacción dos estudantes titulados

Accións de mellora a implantar:

- Incluir nas enquisas de satisfacción que cubre o estudantado-titulado un apartado de observacións de cumprimento obrigatorio por parte dos egresados explicando as razóns polas que lle otorga unha baixa puntuación ao título neste apartado.

Evidencias nas que se se baseou a valoración:

E4: Guías docentes das materias

E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título,titor e cualificación)

E25/: Informes de cualificación por materia

EA11: Informes de prácticas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análises xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción

I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACIÓN E RENDEMENTO

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se Os resultados adecúanse ás previsións e características do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico

Se observamos a evolución do estudiantado matriculado no curso académico 2019/2020 (52 estudantes) podemos comprobar que se produce un notable repunte no número de matriculados respecto do curso 2018-2019 (43 estudantes). Con este incremento acérase ao número de matriculados no curso 2017-2018 (55 matriculados).

I12: Evolución dos indicadores de resultados

Cumple començar salientando os excepcionais resultados, seguindo a traxectoria dos cursos precedentes, acadados polo alumnado do Máster en abogacía nas taxas de rendemento (98%) superando a meta de calidade asociada $\geq 90\%$. A taxa de abandono foi no curso 2019-2020 de 0% sendo a meta de calidade asociada $\leq 15\%$. Finalmente, tanto a taxa de éxito como a de taxa de éxito sitúanse no 100% sendo a meta de calidade asociada $\geq 90\%$ e $\geq 95\%$ respectivamente.

I010-DO: Duración media dos estudos

En consonancia cos resultados expostos a duración media dos estudos cumpre íntegramente a meta de calidade asociada. A devandita meta é de $n+1$ -onde n é o número de anos da titulación-, e o resultado alcanzado no curso 2019-2020 foi, como nos cursos anteriores, de dous anos.

I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego

No que atinxe ao datos de inserción laboral dos egresados/as o propio panel de indicadores do SGIC que forma parte do informe remite ao Portal de Transparencia da propia Universidade no que constan os datos de todas as titulacións

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/69/>

I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso

Non consta.

CONCLUSIÓNS

Consonte aos datos expostos cabe concluir que os resultados de satisfacción e rendemento son altamente positivos.

Puntos febles detectados:

-

Accións de mellora a implantar:

-

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

Indicadores:

I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico

I12: Evolución dos indicadores de resultados

☐ Tasa de gradación

☐ Tasa de abandono

☐ Tasa de eficiencia

☐ Tasa de rendemento

☐ Tasa de éxito

☐ Tasa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)

I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso

I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego

I010-DO: Duración media dos estudos

Seguimento da titulación: Máster en Menores en situación de desprotección e conflito social

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO

Estándar: O programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado.

Reflexión/comentarios que Xustifiquen a valoración:

Dos criterios de valoración que se analizan neste informe, é necesario destacar a clara mellora do grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento do ensino. Neste ítem a puntuación das persoas tituladas no ano 2017/2018 era 1,80, unha puntuación francamente baixa e que non acadaba o valor mínimo de 3 sobre 5. En cambio, no ano 2018/2019 a puntuación aumentou ata o 3,50, certamente por encima do mínimo do 3, e no ano 2019/2020 aumentou todavía máis, ata o 3,82. Tamén o grao de satisfacción do estudantado coa planificación e desenvolvemento do ensino mellorou sensiblemente, pasando de un 3,45 no ano 2017/2018, a un 3,64 no ano 2018/2019 e a un 4,04 no ano 2019/2020. O profesorado, pola súa parte, ten un grao de satisfacción coa planificación e desenvolvemento do ensino altamente satisfactorio nun 4,39, dato correspondente ao ano 2018/2019, pois no hai datos do curso 2019/2020 por ser a enquisa bienal. Por outra banda, considérase relevante por de manifesto que a porcentaxe de ocupación real das prazas ofertadas no curso 2019/2020 por alumnado de novo ingreso procedente do proceso de preinscrición foi do 92% o que supón un refrendo do título polo estudantado, pero aínda que mantense o 92% do curso 2018/2019, é sensiblemente inferior á do curso 2017/2018, no que a ocupación foi do 100%. Así, no curso 2019/2020 o número total de matriculados foi de 23 estudantes, entre nacionais (20) e extranxeiros (3), dos cales dous foron becarios da Fundación Carolina (un home e unha muller), institución que un ano máis ofertou dúas becas para cursar o noso Máster por alumnado procedente de Hispanoamérica. Estes datos son moi ben valorados dende a dirección do Título, porque supoñen, un ano máis, un refrendo da calidade do título. O perfil de ingreso do alumnado é moi variado, dende unha graduada en Dereito ata unha licenciada en psicología, pasando por un licenciado en Ciencias do Traballo, un diplomado en Educación social e graduados en Educación social (3), Traballo social (9), Educación primaria (3), pedagogía (1), ademáis de alumnado que accede ao Máster por equivalencia, homologación ou validación parcial de estudos estranxeiros (3). Tal diversidade é moi enriquecedora para o desenvolvemento do ensino, porque permite coñecer a visión dos temas dende unha perspectiva multidisciplinar. O promedio da nota media de acceso ao Máster no curso 2019/2020 foi do 7,24, o que é unha mostra do nivel académico do alumnado do Máster, que claramente busca a súa especialización.

O ítem de organización e desenvolvemento é un dos ítems mellor valorados tanto polo alumnado do Máster como polas persoas tituladas (3,82).

Puntos débiles detectados:

-

Accións de mellora a implantar:

-

Evidencias nas que basea a valoración:

E1: Memoria vixente do título
 E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora
 E3: Perfil de ingreso do alumnado(grao)
 E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)
 E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade
 E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).
 QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

Indicadores nos que se basea a valoración:

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición
 I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia
 I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)
 I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros
 I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.
 I01-AC: Nota media de acceso
 I01(2)-AC: Nota mínima de acceso
 I02-AC: Ocupación
 I03-AC: Preferencia
 I03(2)-AC: Adecuación

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Toda a información esencial referida ao Título (Denominación, Universidade Coordinadora, Centro onde se imparte o título, número de créditos e duración do título, tipo de ensino, número de prazas de novo ingreso que se ofertan, idiomas en que se imparte o título, condicións de acceso e admisión, competencias, metodoloxía docente, procedementos de acollida e orientación do estudantado, docencia, profesorado, normativas, etc.) atópase publicada e está accesible na páxina web do Máster (<http://mastermenores.webs.uvigo.es/gl/>). A xestión da páxina web faise consonte cun Plan de información pública, que ten como obxectivo garantir que a información relevante do Máster universitario en Menores estea dispoñible de forma pública, accesible e actualizada para os distintos grupos de interese e que cumpra cos requisitos establecidos tanto polo propio centro, como polos programas de calidade da Universidade de Vigo e da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG). En concreto, proporciónase información ao estudantado, antes de eleixir os estudos a cursar e, tamén, cando xa se matriculou no Máster. Tamén se busca a máxima transparencia e mellorar a accesibilidade dos distintos grupos de interese á información sobre o Máster.

Faise necesario destacar que a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, da que depende o título, posúe unha páxina web totalmente actualizada con ligazóns á web do Máster, tamén permanentemente actualizada.

A pesar de todos os esforzos feitos dende a coordinación do Título, a percepción do alumnado é mellorable, porque a información e transparencia é un dos ítems peor valorados tanto polo alumnado como polas persoas tituladas, aínda que está nunha cifra nada desdeñable (3,80).

<p>Puntos febles detectados:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A valoración do alumnado da información e transparencia que proporciona o Máster a través da súa páxina web. 	<p>Accións de mellora a implantar:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Melloras na páxina web do Máster
<p>Evidencias nas que se baseou a valoración: E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II) R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública</p>	
<p>Indicadores nos que se baseou a valoración: I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.</p>	

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:



**Centro certificado
FIDES-AUDIT**

A titulación impártese na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo que ten dende o 23 de xullo de 2015 (Certificado número 05/15) o Certificado de Implantación do SGIC dacordo coas directrices do Programa FIDES-AUDI, vixente ata xullo do ano 2021.

Polo tanto, o SGIC da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo é unha ferramenta estratéxica básica para acadar unha mellora continua das súas titulacións.

Previamente, no marco do Programa FIDES-AUDIT, dende o ano 2007 guiouse o Centro na súa labor de integración de todas as actividades relacionadas coa Garantía da Calidade das ensinanzas, en colaboración coa Área de Apoio á Docencia e a Calidade da Universidade de Vigo, deseñaron e aprobaron o SGIC. A Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo conseguiu a Certificación FIDES-AUDIT por parte da ACSUG o 26 de abril de 2010 (Certificado número 49/2010).

No Informe de auditoría externa destácase o alto compromiso do Centro coa Xestión da Calidade e a mellora continua das ensinanzas e o axuste da documentación do SGIC aos criterios e directrices do Programa FIDES-AUDIT.

Dentro das melloras levadas a cabo tamén destaca un proceso de reestructuración da páxina web do Centro. A web da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo engadiu unha pestana na páxina principal sobre calidade desde a que se pode acceder ao SGIC para ver todas as evidencias (Informe de Revisión do Sistema pola Dirección, Informes de seguimento das titulacións, Plans Anuais de Accións de Mellora, Informes de Coordinación, Informes Anuais do Plan de Acción Titorial, ...).

Tamén noutra pestana atópanse totalmente visibles os Resultados de Medición coas Taxas Académicas dos pasados cursos académicos. Ademais, tamén se expuxeron todos os datos no taboleiro de anuncios que se atopa na entrada do Decanato en exposición pública e por último, atópase toda a información na web da área de Calidade da Universidade de Vigo.

O SGIC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar as debilidades e propoñer accións de mellora, realizando un seguimento das mesmas. Neste senso, os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e utilízalos na toma de decisións e a mellora da calidade do título desenvolvéronse dacordo o establecido.

Neste compromiso de mellora da Calidade compre subliñar a labor desenvolvida pola Comisión de Calidade é pode comprobarse a súa actividade nas actas da Comisión de Calidade dispoñibles na páxina web da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo <http://fccxt.webs.uvigo.es/es/calidad/comision-de-calidad>

Pódese considerar unha fortaleza a transparencia o mostrar na páxina web da Facultade – convertida en repositorio documental

<p>do SGIC- tódolos resultados do traballo da Comisión de Garantía da Calidade e do equipo directivo, e a forma coa que a Comisión de Calidade abordou todas as cuestións que afectan o PDI e o PAS que facilitan a consecución dos obxectivos da mellora continua da Calidade.</p> <p>En definitiva, pódese afirmar que no Centro existe unha cultura de Calidade consolidada, baseada na preocupación continua pola mellora da calidade, feito que confirma o deseño do SGIC o Manual de Calidade e os Procedementos ligados o SGIC.</p>	
<p>Puntos febles detectados:</p> <ul style="list-style-type: none"> • 	<p>Accións de mellora a implantar:</p> <ul style="list-style-type: none"> •
<p>Evidencias nas que se baseou a valoración:</p> <p>E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/<u>Comisión de Garantía de Calidade</u></p> <p>E10: Documentación do SGC (Política, obxectivos de calidade, manual e procedementos)</p> <p>E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)</p> <p>E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC</p> <p>EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)</p>	
<p>Indicadores nos que se baseou a valoración:</p> <p>I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade</p> <p>I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro</p>	

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

<p>Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.</p> <p>Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.</p>
<p><u>Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:</u></p> <p>Na páxina web do Máster en Menores (http://mastermenores.webs.uvigo.es/gl/) atópase a relación de todos os docentes que imparten docencia no Máster.</p> <p>No curso 2019/2020 prodúcese unha importante recuperación da participación do alumnado nas enquisas de avaliación do profesorado ata o 31,56%, despois dun importante descenso no curso 2018/2019 ata o 27,69% respecto do 48,08% no curso 2017/2018, o que pon de manifesto que as reiteradas comunicacións co alumnado dende a secretaría do Máster incentivándoos a súa participación empeza a dar froitos.</p> <p>O grado de satisfacción do alumnado coa actividade docente do profesorado do título mantense nun 7,35 dos dous cursos precedentes. E o ítem "Recursos humanos" é dos mellor valorados polo alumnado, e tamén polas persoas tituladas (4,40).</p> <p>Por outra banda, é salientable a experiencia do profesorado demostrada a través do número de sexenios de investigaciónmente satisfactorios. En canto a participación do profesorado en programas de mobilidade no curso 2019/2020 non hai datos, o que pode deberse ao confinamento que sufrimos a partir do mes de marzo de 2020 por razón da pandemia, cando no curso 2018/2019 habían participado 5 profesores en programas de mobilidade.</p> <p>En todo caso, non podemos máis que felicitarnos polo cadro de profesorado co que conta o Máster en Menores (14,65% catedrático de universidade; 11,62% profesor titular de universidade; 2,02 % profesor titular EU; 52,02 % profesorado contratado doutor; 1,01% profesorado axudante doutor; 15,66% profesorado asociado T3); e 3,03% profesorado externo, de carácter</p>

<p>multidisciplinar, o que proporciona unha ampla variedade de perspectivas de análise da materia de estudo no Máster. En canto a participación dos/as profesores/as en programas de formación non hai datos, o que non permite comprobar a clara aposta que ven facendo o profesorado do Máster en cursos precedentes na mellora da súa formación (11 profesores no curso 2018/2019), o que redundará en beneficio do título. Os PAS do centro tamén apostan pola mellora constante, e un 41,07% participaron en actividades de formación (este dato é sensiblemente máis baixo que o 68,48% do curso 2018/2019, probablemente por mor do confinamento).</p> <p>A pesar dos escasos ou nulos recoñecementos obtidos para facer fronte á sobrecarga de traballo (docencia, investigación, xestión transferencia, etc) á que se ve sometido o PDI pola vertixinosa dinámica de funcionamento do sistema universitario, os resultados acadados son máis que satisfactorios.</p> <p>Por último, debemos facer constar, un curso máis, o escaso apoio administrativo co que contou o Máster. De xeito que, como nos anos anteriores, a coordinadora e secretaria víronse obrigadas a ocuparse da xestión diaria do mesmo. A realización destas labores puramente administrativas réstalle capacidade á dirección do Máster para realizar outras actividades encamiñadas a mellora permanente do título que, en definitiva, debería ser o seu principal cometido.</p>	
<p>Puntos febles detectados:</p> <ul style="list-style-type: none"> Falta de apoio administrativo 	<p>Accións de mellora a implantar:</p> <ul style="list-style-type: none"> Un ano máis, reclamación de persoal de apoio administrativo por parte da Dirección do Centro. Un ano máis, non se aportan datos sobre a participación do profesorado do Máster en Menores no programa de avaliación DOCENTIA. Por iso, por unha banda, solicítase información ao respecto e por outra banda propónse que dende o Vicedecanato de Calidade se planifiquen accións específicas destinadas a información, asesoramento e estímulo para que o profesorado do centro que aínda non o fixo, se someta á próxima convocatoria de avaliación DOCENTIA.
<p>Evidencias nas que se baseou valoración:</p> <p>E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve</p> <p>E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)</p> <p>R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)</p>	
<p>Indicadores nos que se baseou a valoración:</p> <p>I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente <u>resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI</u></p> <p>I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas</p> <p>I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.</p> <p>I8: Resultados das <u>enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución</u></p> <p>I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos</p> <p>I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)</p> <p>I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)</p> <p>I02-PE: Cualificación do PDI</p> <p>I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)</p> <p>I03(2)-PE: Profesorado por categoría</p>	

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado son os axeitados ás necesidades do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A docencia do Máster en Menores impartiuse no curso 2019/2020, coma en anos anteriores, na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo. Os alumnos matriculados foron 23 no curso 2019/2020.

O Centro está equipado con computador, canón e retroproxector e postos de toma de luz para cada alumno. Ademais conta con bibliotecas e sala de lectura, conexión a internet inalámbrica ademais dunha sala de informática de libre acceso e consulta de bases de datos.

Para as titorías os docentes contan con despachos físicos e despachos virtuais habilitados para ese efecto. Un curso máis tamén foi de gran utilidade, tanto para estudantes como docentes, a plataforma de teledocencia FAITIC, que facilita e axústase perfectamente á dinámica de traballo do Máster.

É necesario salientar, no obstante, que o ítem “recursos materiais e servizos” foi dos peor valorados polo alumnado e polas persoas tituladas (3,64), a pesar dos esforzos realizados. Dos resultados desagregados das encuestas de satisfacción das titulacións oficiais non é posible determinar cales son as carencias e deficiencias apreciadas polo alumnado, o que impide concretar a mellora a implantar.

O acto de inauguración do curso tivo lugar o 12 de setembro de 2019. Estivo publicitada na páxina web do Máster. Neste Acto tivo lugar a Conferencia de inauguración, “Juvenicidio y sistema penal en Colombia”, que impartiu a Profa. Dra. Geovanandrea Vallejo Jiménez, Profesora de Derecho Penal na Universidad Autónoma Latinoamericana (Medellín-Colombia), e informouse ao alumnado sobre o funcionamento do Máster, o profesorado, as materias, a organización, as infraestruturas e instalacións coas que se conta para o desenvolvemento do título, e sobre as prácticas extracurriculares que pode facer o alumnado a través da Fundación UVigo e sobre as prácticas Erasmus, que poden facer a través da ORI.

No marco do sistema de apoio previsto para os estudantes unha vez matriculados está o Plan de Acción Titorial a través do cal o alumnado pode pór de manifesto as dúbidas, inquietudes ou aspectos mellorables na organización e coordinación do Máster á titora do PAT, que é a secretaria do Máster. No curso 2019/2020 realizáronse dúas reunións colectivas os días 10 de outubro de 2019 e o 6 de febreiro de 2020, aínda que tamén se poden concertar tantas reunións individuais como sexan necesarias coa titora do PAT.

Puntos febles detectados:

-

Accións de mellora a implantar:

-

Evidencias nas que se baseou a valoración:

- E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título
- E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT
- E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e Extracurriculares.
- E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título
- E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia
- E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

- I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos
- I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas
- I11: Nº de alumnado por centro de prácticas.
- I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Neste apartado imos a analizar, en primeiro lugar, o grao de satisfacción xeral co título por parte dos diferentes colectivos que participan no Máster en Menores. Tendo en conta que a meta de calidade asociada a este item está nunha escala 1-5, os datos evidencian un alto grao de satisfacción dos estudantes do curso 2019/2020 co título 3,97, dato sensiblemente mellor co do curso 2018/2019, que foi 3,8291. Tamén é bastante bó o grao de satisfacción das persoas tituladas co título no curso 2019/2020 (3,95), un dato significativamente mellor co do curso 2018/2019 (3,49). No obstante, nos dous casos a participación foi bastante baixa, pois a participación do alumnado foi dun 22%, e a participación das persoas tituladas dun 30%, o que é francamente mellorable. A coordinación do Máster buscará novas fórmulas que incentiven a participación de estes sectores nas encuestas. Non hai datos da participación do profesorado (as encuestas son bianuais; no curso 2018/2019 fora dun 4,34).

En cuanto á valoración dos resultados de aprendizaxe por parte destes mesmos colectivos, salienta que non se dispoñen de datos do alumnado, e que a valoración deste ítem por parte das persoas tituladas é de 4,70, moito mellor que no curso 2018/2019 (3,95), e aínda mellor que no curso 2017/2018 (3,73). Nunha escala de 1 a 5, a puntuación media outorgada polas persoas tituladas no Máster en Menores é 4,70, cunha subida espectacular respecto a valoración feita polos titulados no curso 2018/2019 (3,43) e 2017/2018 (1,43). O ítem resultados de aprendizaxe foi o mellor valorado.

Por outra banda, cabe referirse á taxa de éxito global do título que no curso 2019/2020 alcanzou o 100%. Tamén son reseñables o 92% da taxa de eficiencia, o 91% da taxa de rendemento e o 82,61% da taxa de graduación, cunha clara mellora dos datos nos tres casos respecto dos cursos 2018/2019 e 2017/2018. O 8% de taxa de abandono é o mesmo porcentaxe que nos dous cursos precedentes.

Se descendemos ao exame do panel de indicadores por materia pódese comprobar como a taxa de éxito, rendemento e avaliación en tódalas materias da titulación foi no curso 2019/2020 do 100%, agás nas materias "Procedementos civís e Protección de Menores. Xurisdicción voluntaria e contenciosa" (avaliación 95,65% e 95,65% rendemento) e "Traballo Fin de Máster (70,27% avaliación e 70,27 % rendemento). Así mesmo, nos informes de cualificación por materia ponse de manifesto que o nivel acadado polo alumnado en cada unha das 10 materias que integran o título é alto (notable, sobresaliente e matrícula de honra, agás algún aprobado ou NP) e uniforme. Só hai 1 NP na materia Procedimientos civís e Protección de Menores. Xurisdicción voluntaria e contenciosa e 11 NP na materia de TFM, debido a que a práctica totalidade do alumnado compaxina a realización do Máster coa súa actividade laboral e aínda coa preparación de oposicións, sendo reseñable a realización das probas de maneira simultánea ás convocatorias de defensa do TFM no curso 2019/2020.

Puntos febles detectados:

-

Accións de mellora a implantar:

-

Evidencias nas que se se baseou la valoración:

E4: Guías docentes das materias
E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título,titor e cualificación)
E25/: Informes de cualificación por materia
EA11: Informes de prácticas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análises xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción
 I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACIÓN E RENDEMENTO

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se Os resultados adecúanse ás previsións e características do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Neste apartado cumpre comenzar salientando os bos resultados, seguindo a traxectoria dos cursos precedentes, acadados polo alumnado do Máster en Menores na taxa de rendemento 91%, a taxa de abandono 8%, a taxa de eficiencia, que sitúase nun 92%, a taxa de graduación, que sitúase nun 82,61%, así como a taxa de éxito, do 100%. Tódolos valores, agás a taxa de eficiencia que pasou dun 93% a un 92%, sufriron un lixeiro aumento respecto de cursos anteriores, coa excepción da taxa de graduación, que mellorou significativamente ao pasar dun 64% a un 82,61%. A taxa de abandono mantívose nun 8% dende o curso 2017/2018.

En consonancia con estes resultados a duración media dos estudos sitúase no curso 2019/2019 en 1,39, empeorando respecto do curso 2018/2019, aínda que mellorando significativamente respecto do curso 2017/2018 (1,68).

Todos estes datos, evidencian que os resultados académicos alcanzados polos estudantes do Máster en Menores durante o curso 2019/2020, son moi satisfactorios.

Puntos febles detectados:

-

Accións de mellora a implantar:

-

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

Indicadores:

I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico

I12: Evolución dos indicadores de resultados

☐ Tasa de gradación

☐ Tasa de abandono

☐ Tasa de eficiencia

☐ Tasa de rendemento

☐ Tasa de éxito

☐ Tasa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)

I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso

I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego

I010-D0: Duración media dos estudos

Seguimento da titulación: Mestrado en Xestión e Dirección Laboral

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO

Estándar: O programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado.

Reflexión/comentarios que Xustifiquen a valoración:

O programa formativo desenvolveuse con total normalidade, de conformidade coa Memoria vixente do Título e coas guías docentes de cada materia. Ademais, no ano 2019 a Universidade de Santiago, coordinadora deste Mestrado Interuniversitario, solicitou á Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia a renovación da acreditación do título "Mestrado Universitario en Xestión e Dirección Laboral" co fin de que a ACSUG comprobase que o plan de estudos está a levarse a cabo de acordo coa descrición e os compromisos que se incluíron no proxecto inicial que, para este título, aprobouse no proceso de verificación.

A avaliación realizouse por unha subcomisión derivada da Comisión de Avaliación da rama de coñecemento de Ciencias Sociais e Xurídicas formada por expertos nacionais e internacionais do ámbito académico, profesionais e estudantes. Os membros desta comisión foron seleccionados e nomeados segundo o procedemento que se recolle na páxina Web de ACSUG.

O informe emitido foi o resultado da avaliación do conxunto de evidencias de carácter documental do título e da visita presencial e virtual aos tres centros onde se imparte o título, que se desenvolveu sen incidencias conforme á axenda prevista, e da revisión do Plan de Melloras presentado polo centro coordinador do Mestrado Interuniversitario unha vez recibido o informe provisional de avaliación para a renovación da acreditación. Conforme a todos estes aspectos, a ACSUG emitiu un informe co resultado de FAVORABLE, sendo así renovada a acreditación do título durante o próximos catro anos.

El título y su correspondiente programa formativo se mantiene actualizado en consonancia con la Memoria de Verificación y no ha experimentado modificaciones en el último curso. Con relación a este aspecto, el grado de actualización del Título en el plano profesional, procede de la participación de docentes externos, profesionales de prestigio expertos en las diferentes temáticas.

Á marxe do anterior, o perfil preferente do alumnado no curso académico 2019/20 seguiu a mesma liña dos cursos anteriores, isto é, a maioría do alumnado son persoas graduadas en Relacións Laborais e Recursos Humanos. Porén, é importante a presenza de persoas graduadas en Dereito. Por último, matriculáronse tamén algunhas persoas con outras titulacións do eido social. Do mesmo xeito que no curso anterior, aprecíuse este curso académico a presenza entre o alumnado de persoas procedentes de Universidades estranxeiras que homologaron as súas titulacións.

A matrícula do Mestrado vense mantendo de xeito estable entorno a vinte novas matrículas. De feito neste curso hai 23 estudantes de novo ingreso, isto é, dous estudantes mais que no curso 2018/19, continuando así unha tendencia

ao alza no número de matriculados.

Hai que relacionar este dato co bo grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado (3,6), a pesar de que o grao de satisfacción coa planificación e desenvolvemento do ensino baixou lixeiramente (3,69) supérase a meta de calidade asociada aos obxectivos de calidade do centro que se sitúan entre 3-5. En canto ao total de matriculados no curso 2019/20 foron 43 estudantes. Interesa apuntar que case todas as matrículas que non son de novo ingreso circunscribíense ao Traballo Fin de Mestrado.

A titulación, á parte das competencias básicas, xerais e transversais, ten competencias específicas. As competencias que se desexa sexan alcanzadas polos estudantes veñen reflectidas na Memoria de Verificación do Mestrado e axústanse ao establecido no Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais -en diante, RD 1393/2007-, o Real Decreto 861/2010, do 2 de xullo -en diante RD 861/2001-, e aos descritores do Marco Español de Cualificaciones para a Educación Superior. Grosso modo, o perfil do estudante que o cursou caracterízase porque, tras os estudos:

- mellora o seu cualificación profesional no ámbito das relacións laborais e os recursos humanos.
- obtén unha especialización no manexo e deseño dos procedementos de xestión das decisións empresariais no ámbito do Dereito do Traballo e da Seguridade Social, do Dereito Tributario e en aspectos concretos da economía exclusivamente referidos ao emprego.

Ao longo dos anos de impartición deste Mestrado levaron a cabo actividades extraordinarias que axudaron a mellorar as competencias dos estudantes, a través de charlas, xornadas, etc. Entre elas, hai que destacar que impartíuse un Seminario para a elaboración do Traballo de Fin de Mestrado exclusivo para os estudantes do Mestrado en Xestión e Dirección Laboral. Durante o curso 2019/2020 organizouse en colaboración co Consello Galego de Relacións Laborais a II Xornada Laboralista o 27 de setembro de 2019. Tamén se organizou en colaboración co Consello Galego de Relacións Laborais unha Xornada e a Xunta de Galicia unha Xornada sobre “Actualidade no eido da xubilación” o 5 de novembro de 2019. Ademais, durante o 22 e 23 de novembro de 2019 organizáronse as “Xornadas de Outono: Ou modelo social europeo” cunha duración de 20 horas. O 25 de novembro de 2019 celebrouse unha Xornada sobre “Competencia e prestación de servizos autónomos ou subordinados” organizada polo Grupo de Investigación DMT (Dereito Mercantil e do Traballo) da Universidade de Vigo.

Con todo, durante o curso 2019/20 con motivo da pandemia non foi sinxelo poder realizar actividades moitas actividades específicas e as que se realizaron tiveron que adaptarse ás circunstancias excepcionais da situación, cun formato virtual. Por exemplo, levou a cabo un webinar sobre “Medidas laborais fronte ao Covid-19”, o 5 de maio de 2020.

Doutra banda, é especialmente importante destacar que con respecto ao grao de satisfacción coas prácticas académicas externas non se dispoñen datos de cursos anteriores, pero si do curso 2019/2020 sendo plenamente satisfactorios, alcanzando a puntuación máxima de 5. Aínda que se considera oportuno incidir na dificultade que a realización das prácticas tivo no curso académico analizado por motivo da pandemia do COVID-19, concretamente desde a data de declaración do estado de alarma (Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo). Na Universidade de Vigo ampliouse o período de realización das prácticas externas, nun primeiro momento ata o 11 de setembro de 2020 e posteriormente ata decembro de 2020. Grazas a esa ampliación dos prazos, maioritariamente o alumnado puido realizar as prácticas durante o verán. Unha alternativa deuse inicialmente foi a realización dun informe alternativo ás prácticas en colaboración coa empresa seleccionado, aínda que se acolleron a esta opción poucos alumnos. Durante o confinamento (meses de marzo e abril do 2020) tamén se lles deu a opción ao alumnado de realizar as prácticas de

maneira telemática sempre que o considerase adecuado e oportuno a empresa, aínda que tan só unha alumna acolleuse a esta opción. Tamén hai que remarcar que é a primeira vez que na que se dispoñen de datos sobre o grao de satisfacción dos empregadores, sendo tamén moi positiva, alcanzando unha puntuación de 4,33.

O grao de satisfacción do alumnado durante o curso 2019/2020 alcanza o 3,95 superando a meta de calidade asociada que se establece entre 3 e 5. Mentres que a satisfacción xeral do profesorado sitúase en 4,54.

Hai que destacar o elevado grao na satisfacción coa orientación ao alumnado que alcanza un 4,66 no curso 2019/2020.

Puntos débiles detectados:

- Ao tratarse dun Mestrado Interuniversitario, que se desenvolve nas tres Universidades Galegas, é necesaria a continua mellora e supervisión das accións de coordinación entre os tres centros, para unha mellor organización da docencia.

Accións de mellora a implantar:

- Nas súas reunións a Comisión Interuniversitaria explora novas fórmulas de coordinación entre as tres Universidades co fin de mellorar a adquisición das mesmas competencias por parte do alumnado

Evidencias nas que basea a valoración:

E1: Memoria vixente do título

E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora

E3: Perfil de ingreso do alumnado(grao)

E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)

E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).

QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

Indicadores nos que se basea a valoración:

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición

I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia

I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)

I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros

I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.

I01-AC: Nota media de acceso

I01(2)-AC: Nota mínima de acceso

I02-AC: Ocupación

I03-AC: Preferencia

I03(2)-AC: Adecuación

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información sobre o título é pública e facilmente accesible para todos os grupos de interese a través da web da UVIGO (uvigo.es) e da Facultade (<http://fccxt.webs.uvigo.es/es/estudios/master-en-direccion-y-gestion-laboral/>). Con independencia da procedencia dos servizos centrais da UVIGO, fíxose un esforzo para mellorar a accesibilidade á información pública sobre o Mestrado a través das diferentes canles dispoñibles, por exemplo, a través da plataforma dixital da UVIGO (Faitic), así como co desenvolvemento de Xornadas de saídas profesionais para egresados e para estudantes dos últimos cursos, nos que o Mestrado sempre participou de forma activa a través da súa coordinadora na Universidade de Vigo. De forma destacada, o Mestrado conta na UVIGO cunha páxina web <http://masterlaboral.es/> que se actualiza puntualmente desde o curso académico 2013/2014, a través da que o estudantado tamén pode manifestar as súas dúbidas ou críticas, á parte de atopar o contido tradicional sobre todo o que se refire a este Título.

Na páxina web, están accesibles, entre outros, a Memoria Verificada do Título, os Informes de Seguimento e as Memorias de Calidade (plans de mellora incluídos) ademais de toda a información sobre plan de estudos, horarios, profesorado, guías docentes, prácticas, traballo fin de Mestrado) e publícase tamén unha guía específica do mestrado.

Ademais da web, a información transmítese a través de correos electrónicos, taboleiro de anuncios específico do mestrado, pantallas de información do centro ou directamente en reunións cos estudantes, especialmente dentro do Programa de Acción Titorial que desenvolve a propia Coordinadora.

Ademais, no presente curso académico a Universidade de Vigo puxo en marcha na súa páxina web no que están accesibles ao público en xeral numerosos datos relativos aos graos e Mestrados que se imparten nela, incluído o Mestrado en Xestión e Dirección Laboral. A dirección do Portal de Transparencia é: <https://www.uvigo.gal/es/universidad/informacion-institucional/transparencia>

Puntos febles detectados:

- É precisa a actualización continua da información da páxina web do Mestrado.

Accións de mellora a implantar:

- Continuarase promovendo unha mellora da páxina web do Mestrado, a fin de que se teña en todo momento información actualizada sobre o mesmo.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)

R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública

QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegure, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:

Centro certificado
FIDES-AUDIT

A titulación impártese na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo que ten dende o 23 de xullo de 2015 (Certificado número 05/15) o Certificado de Implantación do SGIC dacordo coas directrices do Programa FIDES-AUDI, vixente ata xullo do ano 2021.

Polo tanto, o SGIC da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo é unha ferramenta estratéxica básica para acadar unha mellora continua das súas titulacións.

Previamente, no marco do Programa FIDES-AUDIT, dende o ano 2007 guiouse o Centro na súa labor de integración de todas as actividades relacionadas coa Garantía da Calidade das ensinanzas, en colaboración coa Área de Apoio á Docencia e a Calidade da Universidade de Vigo, deseñaron e aprobaron o SGIC. A Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo conseguiu a Certificación FIDES-AUDIT por parte da ACSUG o 26 de abril de 2010 (Certificado número 49/2010).

No Informe de auditoría externa destácase o alto compromiso do Centro coa Xestión da Calidade e a mellora continua das ensinanzas e o axuste da documentación do SGC aos criterios e directrices do Programa FIDES-AUDIT.

Dentro das melloras levadas a cabo tamén destaca un proceso de reestructuración da páxina web do Centro. A web da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo engadiu unha pestana na páxina principal sobre calidade desde a que se pode acceder ao SGIC para ver todas as evidencias (Informe de Revisión do Sistema pola Dirección, Informes de seguimento das titulacións, Plans Anuais de Accións de Mellora, Informes de Coordinación, Informes Anuais do Plan de Acción Titorial, ...).

Tamén noutra pestana atópanse totalmente visibles os Resultados de Medición coas Taxas Académicas dos pasados cursos académicos. Ademais, tamén se expuxeron todos os datos no taboleiro de anuncios que se atopa na entrada do Decanato en exposición pública e por último, atópase toda a información na web da área de Calidade da Universidade de Vigo.

O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar as debilidades e propoñer accións de mellora, realizando un seguimento das mesmas. Neste senso, os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e utilízaos na toma de decisións e a mellora da calidade do título desenvolvéronse dacordo o establecido.

Neste compromiso de mellora da Calidade compre subliñar a labor desenvolvida pola Comisión de Calidade é pode comprobarse a súa actividade nas actas da Comisión de Calidade dispoñibles na páxina web da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo <http://fccxxt.webs.uvigo.es/es/calidad/comision-de-calidad>

Pódese considerar unha fortaleza a transparencia o mostrar na páxina web da Facultade – convertida en repositorio documental do SGIC- tódolos resultados do traballo da Comisión de Garantía da Calidade e do equipo directivo, e a forma coa que a Comisión de Calidade abordou todas as cuestións que afectan o PDI e o PAS que facilitan a consecución dos obxectivos da mellora continua da Calidade.

En definitiva, pódese afirmar que no Centro existe unha cultura de Calidade consolidada, baseada na preocupación continua pola mellora da calidade, feito que confirma o deseño do SGIC o Manual de Calidade e os Procedementos ligados o SGIC.

Puntos febles detectados:

-

Accións de mellora a implantar:

-

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)
 E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)
 E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC
 EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade

I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Neste apartado compre facer referencia aos resultados referentes ao profesorado do mestrado de acordo cos indicadores do Portal de Transparencia correspondentes ao curso 2019/20. É importante salientar que a metade dos docentes son profesores con dedicación exclusiva e estable na Universidade de Vigo, concretamente o cadro de profesorado estaba composto por un 53,10% de profesores con dedicación exclusiva e estable na Universidade de Vigo (achegan un total de 13 sexenios e 30 quinquenios docentes) e outro 46,90% de profesionais de alto nivel do ámbito das relacións laborais, que desenvolven a súa actividade profesional tanto no ámbito público (Inspección de Traballo, Xurisdición Social, Mutuas colaboradoras, Consello Galego de Relacións Laborais), como en empresas punteiras, tanto nacionais como internacionais (Directores de Recursos Humanos e avogados). En concreto, os profesores da Universidade de Vigo son 5 titulares de Universidade, 1 catedrático, 1 profesor axudante doutor e 2 contratados doutores. Por tanto, todos os profesores vinculados á Universidade de Vigo que imparten clase no Mestrado son doutores. Ademais, un dos profesionais externos que imparte docencia no Mestrado é doutor en Dereito, de modo que máis da metade dos profesores desta titulación son doutores, a pesar do carácter marcadamente profesionalizante que ten esta titulación na Universidade de Vigo.

Os estudantes avaliaron positivamente a docencia teórica e práctica impartida nesta titulación nos últimos cursos académicos. De feito, no curso 2019/20 o índice de satisfacción do alumnado do Mestrado con estes estudos situábase nun 3,36, superando a media de satisfacción relativa aos estudos de Mestrado na Universidade de Vigo.

Puntos febles detectados:

-

Accións de mellora a implantar:

-

Evidencias nas que se baseou valoración:

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve
 E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)
 R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción

do PAS e PDI

I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas

I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.

I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución

I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos

I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)

I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

I02-PE: Cualificación do PDI

I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)

I03(2)-PE: Profesorado por categoría

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado son os axeitados ás necesidades do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo a Secretaría de Estudantes, composta por catro PAS conforma o apoio con contacto continuo cos estudantes do Mestrado. Tamén a Secretaria do Decanato e o tres conserxes da Facultade prestan apoio material aos docentes e estudantes en todo o necesario para o normal desenvolvemento da docencia (<http://fccxxt.webs.uvigo.es/es/facultad/administracion-e-servizos>). O servizo de matrícula e demais xestións centralizáronse recentemente en toda a UVIGO a través dun servizo de Posgrao (<https://www.uvigo.gal/estudar/xestions-estudiantes/matriculate/matricula-Mestradoes>) do mesmo xeito que a xestión económica e de recursos materiais que leva a cabo pola área Económica específica (http://xerencia.uvigo.es/xerencia_es/quen_somos/). Así mesmo, dispomos dunha biblioteca na Facultade e outra de Servizos Centrais (http://www.biblioteca.uvigo.es/biblioteca_gl/). Como medios materiais e servizos dispoñibles inclúense todas as infraestruturas e equipamentos dos centros, que resultan indispensables e adecuados para o desenvolvemento dos ensinos impartidos na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

Para ese efecto, priorizáronse os mecanismos tendentes a conseguir a plena eliminación de barreiras arquitectónicas en toda a Facultade. A Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo en Vigo conta con instalacións que cumpren plenamente as esixencias de accesibilidade establecidas na normativa de aplicación. En concreto, existen zonas de aparcamento de minusválidos, ramplas para facilitar o acceso ao edificio desde o exterior, ramplas interiores que facilitan a mobilidade entre as distintas dependencias do Centro. As distintas plantas do edificio tamén están dotadas cos ascensores necesarios. E, por último, existen en todos os niveis das edificacións servizos convenientemente preparados para o seu uso polas persoas que se atopan na mencionada situación de discapacidade. A accesibilidade é moi importante para o Mestrado en Xestión e Dirección Laboral xa que nalgunha ocasión –e tamén no curso actual- houbo persoas con capacidade limitada entre o alumnado, e iso non supuxo ningún problema en canto á súa mobilidade nin na contorna académica nin nas prácticas externas.

O Decanato é o órgano responsable da revisión periódica dos medios materiais e servizos adscritos aos centros asegurando, na medida da dispoñibilidade orzamentaria, a súa adecuación ás actividades formativas dos títulos que nela impártese.

Con motivo da pandemia de COVID19, utilizouse o campus remoto da Universidade de Vigo, mediante o uso dunha aula virtual para a impartición da docencia. Así mesmo, como medio de apoio tamén se utilizou a plataforma virtual FAITIC como medio de comunicación co alumnado. Así mesmo, tamén se utilizaron as aulas virtuais para a defensa dalgún TFM ou para a celebración de reunións da comisión académica do Mestrado ou da comisión interuniversitaria.

A detección de necesidades materiais de docentes, do persoal de administración e servizo e alumnos realízase mediante a atención das demandas transmitidas ben directamente aos equipos decanales, ou ben a través das correspondentes caixas de correos de queixas e suxerencias polos citados colectivos.

Os servizos de carácter complementario, tales como o servizo de reprografía ou o servizo de cafetería ou comedor, atendidos por empresas privadas, réxense pola normativa de contratación do sector público.

Por último, a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo implantou un procedemento propio de selección de recursos materiais e de provedores de aplicación no non regulado pola normativa de rango superior.

A Facultade conta con 28 aulas, desenvolvéndose a docencia do Mestrado en Xestión e Dirección Laboral no Seminario B201, cunha capacidade para 25 estudantes (actualmente hai 23 matriculados). O seminario conta con boas condicións de iluminación (abundante luz natural) e temperatura). Está situado no primeiro piso, con acceso a través de escaleiras e ascensor, moi preto da reprografía, a biblioteca, a cafetería e os despachos da coordinadora do Mestrado, da secretaria da Comisión Académica e doutro profesorado que imparte docencia nel. O seminario conta con numerosas conexións á rede eléctrica, con conexión wi-fi, lousa, ordenador para o profesorado con conexión a internet, canón e pantalla.

Outros espazos da Facultade:

- Salón de Graos: 154 Postos, canón de vídeo, computador. Nel levan a cabo os actos de apertura e clausura do Mestrado en Xestión e Dirección Laboral, así como Xornadas e Conferencias ás que están convidados os estudantes do Mestrado.

- Aula dotada con sistema de videoconferencia: 30 Postos, canón de vídeo, computador. Esta aula é de gran utilidade para celebrar as Comisións Académicas do Mestrado en Xestión e Dirección Laboral, xa que algúns dos membros desta son profesores do Campus de Ourense e outros de Vigo. Por esta razón, as Comisións Académicas celébranse a través de Videoconferencia. Este curso académico, por primeira vez defendeuse un Traballo Fin de Mestrado (convocatoria de febreiro de 2019) co apoio da videoconferencia, dadas as dificultades de dous membros do Tribunal para desprazarse a Vigo desde Ourense. O alumno defendeu o seu TFM en Vigo, acompañado pola profesora que exercía as funcións de secretaria do Tribunal, desenvolvéndose o acto con completa normalidade.

- Sala de xuntas A205 (Decanato):16 Postos.

- Delegación do alumnado D201: 30 canón de vídeo, ordenador

- Zona de libre acceso a equipos informáticos: 90 postos, canón de vídeo, computador

- Tamén é destacable a dotación do Salón de Graos cun equipo de videoconferencia multipunto.

- Despachos profesorado: 67

- Despachos persoal de Administración e Servizos: 8

- Despacho para Delegación de Alumnado: 1

Outras instalacións e servizos

- Biblioteca situada no edificio da Facultade

- Servizo de reprografía: servizo situado na planta baixa da Facultade.

- Servizo de cafetería e comedor: servizo situado no edificio.

- Servizo de aparcamento con prazas reservadas a minusválidos.

Outros recursos para a docencia e o aprendizaxe

- Conexión inalámbrica: Todas as aulas da Facultade foron convenientemente cableadas, para facilitar a utilización dos equipos informáticos propios por parte do alumnado, contando ademais con conexión inalámbrica a Internet. Todos os membros da comunidade universitaria teñen acceso a este servizo mediante clave vinculada á súa conta de correo persoal proporcionada pola Universidade.

- Páxina web da Facultade: Ferramenta de traballo indispensable para poder manter informado o estudante, alí facilítase toda a información relativa á facultade.

- Recursos docentes en rede: Como apoio á docencia, a Universidade de Vigo puxo ao dispor de profesorado e alumnado a plataforma FaiTIC con recursos en liña destinados á teleformación. Realizáronse as obras necesarias para dotar a todas as aulas e seminarios existentes dos medios tecnolóxicos específicos que permitan a utilización dos recursos informáticos necesarios para conseguir mellorar a docencia e o rendemento académico do alumnado.

Puntos febles detectados:

-

Accións de mellora a implantar:

-

<p>Evidencias nas que se baseou a valoración:</p> <p>E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título</p> <p>E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT</p> <p>E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e Extracurriculares.</p> <p>E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título</p> <p>E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia</p> <p>E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas</p> <p>Indicadores nos que se baseou a valoración:</p> <p>I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos</p> <p>I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas</p> <p>I11: Nº de alumnado por centro de prácticas.</p> <p>I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)</p>

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE

